

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DE 28 DE XUÑO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Alonso Vázquez, Xulio	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Arias Moreira, José Carlos	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique
Guerra Fernández, Javier Jorge	

NON ASISTEN:

Barros Puente, Miguel
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinteseite de xuño do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Barros Puente e Iglesias Carrera. Está tamén presente o interventor accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Comezamos gardando un minuto de silencio polas mulleres que morreron este mes vítimas da violencia de xénero.

A Corporación Municipal e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

A PRESIDENCIA: Comezamos tamén dando a benvinda á Sra. Graña Barcia.

1.- (121).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORD. 01.04 E 25.04, ORDINARIA 25.04 E EXTRAORDINARIAS 11.05 E 23.05).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións extraordinarias de 1 e 25 de abril, ordinaria do 25 de abril e extraordinarias do 11 e 23 de maio de 2005.

2.- (123).-APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA UE I.02 REGUEIRO. EXPTE. 8857/411.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de xuño de 2005, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, informa do que segue:

"1º. No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse un polígono en solo urbano non consolidado denominado "UE-I-02 Regueiro", con ordenanza de aplicación "1.2.A.", a executar por compensación, previa aprobación dun estudo de detalle.

2º.- En data 30/01/2004, o representante da entidade mercantil "Edificio Fontán SL" interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do estudo de detalle dese polígono. Achegou ó efecto a pertinente documentación, que rectificouse con outra posterior presentada en datas 29/09/2004 e 25/10/2004, previo requirimento dos servizos técnicos municipais.

No 04/11/2004 o arquitecto técnico municipal emitíu un informe no que entroutros extremos fixo constar o seguinte:

"O estudo de detalle ten o seguinte obxectivo: Ordear a edificabilidade prevista na ficha de características, nun sólido destinado ó uso de residencial colectivo. A superficie do ámbito é de 5.932,00 m2, dos que 1.173,00 m2 pertencen á actual rúa Regueiro e 4.759,00 m2 ó resto das propiedades. A edificabilidade media por ordenanza 1.2.A é de 1,313 m2/m2, polo que a edificabilidade máxima para o ámbito é de 6.248,69 m2 construídos. A parcela destinada ó sólido é de 1.798,00 m2, figurando para zonas verdes e espazos libres unha cesión de 1.684,00 m2, a cesión para a ampliación da rúa Regueiro 903,00 m2 e cesión para equipamento unha parcela de 374 m2. A ficha do Plan Xeral condiciona a ordenación á tipoloxía 1.2.A (...)"

No 15/11/2004 o técnico de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emitíu un informe xurídico ó respecto.

O 19/11/2004 a coordinadora técnica do novo Plan Xeral de Vigo emitíu un informe no que manifestou que: "*(...) tívose en conta o contido do estudo de detalle ás determinacións do novo planeamento xeral, fixándose as mesmas na ficha do ámbito A-4-24 Regueiro, fichas cuxos parámetros veñen coincidir co do repetidamente citado estudo de detalle. Xa que logo, é parecer deste equipo redactor que nada obsta para proceder á continuación da tramitación do expediente no que respecta á concordancia co planeamento que se está a redactar"*.

No mesmo día o Xerente de Urbanismo emitíu un informe no que sinalou que: "*(...) a parcela de 374 m2 de superficie reservada para equipamento público no estudo de detalle, correspóndese coa que foi obxecto de permuta en favor do Concello de Vigo no expte. núm. 4417-401. Nese procedemento de permuta xustificouse xa a procedenza da adquisición da parcela polo Concello, especialmente pola súa colindancia con outra propiedade municipal e zona de equipamento público"*.

3º.- En data 29/11/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o estudo de detalle. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 247, do 22/12/2004 e nos diarios "Faro de Vigo" e "Atlántico" do 17/12/2004, así como notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período interpúxose un único escrito de alegacións, asinado por D. Eduardo Canabal Sanz (21/01/2003, rex. 40005963). Déuselle traslado dunha copia dese escrito á entidade promotora da actuación, que procedeu a respostalo mediante outro presentado na Xerencia de Urbanismo no 25/02/2005.

No día 01/03/2005 o arquitecto técnico municipal de planeamento emitíu un informe sobre as devanditas alegacións.

No 14/03/2005 D. José Alonso Rodríguez, en representación da entidade mercantil "Grupo Espavene, S.L." interpuxo un escrito no que manifestou ser titular dunha parcela de 260,26 m2 na UE I-06-Regueiro. Achegou ó efecto

copia de escritura aclaratoria outorgada no 13 de marzo de 2004 perante o notario de Vigo D. José Pedro Riol López co núm. 805 do seu protocolo.

En data 27/05/2005 o representante da entidade mercantil "Edificio Fontán, S.L." presentou un escrito sobre o do "Grupo Espavene SL" anteriormente citado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Os estudos de detalle réxense polo disposto no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), no que se preceptúa que abranguerán quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, cos seguintes obxectivos:

- a) *Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.*
- b) *Ordenar os volumes edificables.*
- c) *Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación, complementarias do planeamento".*

Neste caso, de acordo co sinalado no anterior informe técnico do 04/11/2004 citado, o estudo de detalle presentado axústase ó referido precepto, consonte co disposto no vixente PXOU-93.

II.- A xestión e distribución de cargas e beneficios no devandito polígono levarase a cabo polo sistema de compensación, regulado nos arts. 154 e ss. LOUGA.

A propiedade do ámbito deberá asumir o mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello, tal e como preceptúa o aptdo. 3.2.3.5.b) 'in fine' PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). A tal fin, as fincas resultantes do proxecto de compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de se constituir unha entidade urbanística de conservación.

III. Sobre as alegacións interpostas trala aprobación inicial do estudo de detalle cómpre sinalar o seguinte:

III.1.- Alegacións formuladas por D. Eduardo Canabal Sanz (21/01/2005, doc. 50005963).

Oponse á aprobación definitiva do estudo de detalle polos seguintes motivos:

- Suposta falla de publicación do Plan Xeral e da ficha de características desta Unidade de Execución.
- Necesidade de localización concreta do 10% do aproveitamento urbanístico de atribución legal ao Concello e de que se parcele correctamente o ámbito.
- Atribución dubidosa de terreos públicos ao propietario da casa núm. 23.
- Necesidade de incrementar o aproveitamento urbanístico do polígono.
- Suposta infracción dos recuamentos a lindeiros no subsolo da parcela.
- Necesidade de tramitación dun PERI.

III.1.1.- A concreta ordenación do ámbito da UE I-02 Regueiro, establecida no vixente Plan Xeral de ordenación urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) resulta válida e plenamente eficaz. O acordo de aprobación do PXOU-93 publicouse no DOG núm. 87, do 10/05/1993. As súas normas e ordenanzas publicáronse tamén no BOP núm. 133, do 14/07/1993 e no núm. 163, do 26/08/1997. Cumpriuse así o disposto no art. 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local -LBRL- (e nos posteriores art. 48 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia e art. 92.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia -LOUGA-).

A "Ficha de características" deste polígono non innova nada sobre o disposto nas ordenanzas xerais publicadas no BOP. Limitase a establecer como sistema de actuación o de compensación, fixándose como ordenanza de aplicación a "1.2.A", de edificación aberta e "3.1.A" de zonas verdes e libres, ordenanzas do Plan Xeral debidamente publicadas no boletín oficial antes citado.

Por outra banda, os referidos preceptos unicamente esixen a publicación das "normas e ordenanzas". Non dos demais documentos dos plans urbanísticos (memoria, planos, estudo económico-financeiro, "fichas"). Así o considerou o Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 18/06/2002, 25/02/2002 e 03/12/2001 (Arz. 2002\202, relator: Sr. Enríquez Sancho), na derradeira das cales sinalou o seguinte:

"(...) CUARTO.- En su segundo motivo de casación la parte recurrente invoca el artículo 70.2 de la Ley reguladora de las Bases de Régimen Local núm. 7/1985, de 2 de abril (LBRL), tal como ha sido interpretado por la jurisprudencia de esta Sala, que desde las sentencias de la Sala de Revisión de 11 de julio y 29 de octubre de 1991 declara repetida y uniformemente que la entrada en vigor de los planes urbanísticos está condicionada a la íntegra publicación de sus Normas Urbanísticas en el Boletín Oficial correspondiente. Es claro, según expresa el antes citado precepto, que este deber de publicación alcanza únicamente a las Normas Urbanísticas de los planes pero no a los demás documentos que los integran, respecto a los cuales la exigencia de publicidad se entiende cumplida con la publicación del acuerdo de aprobación definitiva del plan y la posibilidad de consulta de aquéllos en las oficinas municipales.(...).

No mesmo senso pronunciouse o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, nun suposto similar, na súa sentenza do 3 de marzo de 2004, publicada na "Revista Xurídica Galega" núm. 43 (ano 2004, S. 132).

III.2.2.- O estudo de detalle axústase aos fins previstos no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA), entre os que non se atopa nin a parcelación do polígono, nin a atribución de aproveitamentos urbanísticos. Cuestións que atinxen exclusivamente á subseguinte fase de xestión e non ao planeamento. Precisamente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza firme 882/1998, do 15 de outubro de 1998 (rec. 2/4870/1996) anulou un instrumento de planeamento urbanístico porque situaba o aproveitamento lucrativo municipal nun lugar concreto, correspondéndolle tal función a un futuro proxecto de compensación.

En ningún momento se cuestiona no estudo de detalle o dereito desta Administración municipal a percibir o solo no que se situará ese aproveitamento de atribución legal. Recoñécese expresamente que se trata de

solo urbano non consolidado e que se executará polo sistema de compensación. Pero a parcelación do ámbito e a concreta adxudicación de aproveitamentos urbanísticos aos seus propietarios corresponderalle en exclusiva ao futuro proxecto de compensación, non ao estudo de detalle (art. 73.2.f LOUGA).

Idéntica conclusión ofrece a alegación relativa á titulariedade do fronte da "casa núm. 23". Con independencia de que non figura no inventario de bens municipais, é unha cuestión que non afecta a esta fase de planeamento. Posteriormente, na execución e xestión urbanística deberán comprobarse polo miúdo os títulos dos distintos propietarios. Nese momento terase en consideración o sinalado polo alegante sobre este particular.

III.2.3.- O alegante carece de lexitimación cando solicita que se incremente o aproveitamento urbanístico deste polígono, polo suposto agravio comparativo sobre o recoñecido aos propietarios afectados pola apertura da rúa Pintor Colmeiro. É consolidada a xurisprudencia que considera que a "acción pública urbanística" non ampara a defensa dos supostos intereses de terceiros que, precisamente, non manifestaron a súa oposición á actuación urbanística en cuestión (SS TSXG do 15/11/2001 -RJCA 2002\163, FD 7º; e 17/06/2004 -rec. 5139/2000- e SS TS 21/03/2002 -RJ 3996-).

Non obstante, pode engadirse a este respecto o sinalado polo arquitecto técnico municipal no seu informe do 01/03/2005 antes citado, relativo a que:

"(...) con data 17 de xaneiro de 2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar unha permuta dunha superficie de 153,75 m2 correspondente a unha parcela 13.2 de maior contía da UE I-01 Villalaura e pertencente ó Concello por unha propiedade de "Promogest Vigo, S.L.", sita no ámbito da UE I-02 Regueiro. Esta superficie de 629 m2 está formada por 247 m2 de terreo cedidos anticipadamente para a apertura do vial Pintor Colmeiro e o resto de 382 m2 pertence á parcela existente. O aproveitamento desta parcela é de 1,313 m2/m2 ó estar a totalidade da parcela no ámbito da UE I-02 Regueiro. Tal como se expresa na alegación presentada, os 629 m2 xeran 826 m2 construídos, polo que non se axusta á realidade que a citada parcela dispoña dun aproveitamento distinto (...)"

III.2.4.- Non se detecta ningunha infracción dos recuamentos mínimos a lindeiros establecidos na normativa aplicable. Na ordenanza "1.2" de "edificación aberta" permítese a construción de aparcadoiros soterrados, baixo os espazos libres que circundan a edificación. Os recuamentos a lindeiros esíxense sobre rasante, pero non baixo ista.

III.2.5.- Por último, resulta innecesaria a ordenación deste ámbito mediante un PERI. O estudo de detalle non prevé a apertura de ningún vial novo. Limitase a completar as aliñacións e rasantes interiores do ámbito -de reducidas dimensións-, aplicando directamente a ordenanza "1.2" do vixente Plan Xeral, sen modificar as súas determinacións. Abrangue un quinceiro completo. Nin altera o destino urbanístico do solo, nin incrementa o aproveitamento, alturas nin ocupación do solo.

Este estudo de detalle axústase perfectamente aos fins que lle caracterizan (art. 73 LOUGA). Resultaría desproporcionado esixir un PERI sobre un ámbito

tan reducido, no que se prevé a construción dunha única edificación e aplícase directamente unha ordenanza xenérica do Plan Xeral sen modificación da súa ordenación detallada.

Motivos todos polos que estas alegacións poden ser desestimadas integramente.

IV.- Alegacións formuladas por D. José Alonso Rodríguez en representación de "Grupo Espavene, S.L." (14/03/2005, doc. 50025911).

Indica que é titular dunha parcela de 260,26 m2 dentro do ámbito da UA I-02 Regueiro, aportando como título de propiedade unha escritura aclaratoria outorgada no 15/03/2004 perante o notario de Vigo D. José Pedro Riol López co núm. 805 do seu protocolo. Solicita se rectifique a relación de titulares das fincas preexistentes, recoñecéndoselle os seus dereitos.

O representante da entidade mercantil promotora da actuación, sinalou a este respecto nun escrito do 27/05/2005 que esta cuestión se deberá examinar na seguinte fase de xestión urbanística, non na do planeamento, de xeito que non impide a aprobación definitiva do estudo de detalle nos seus propios termos (SS TSX Andalucía e Valencia do 14/02/2002 e 27/07/1999). Asemade dubida da lexitimidade da pretensión da entidade alegante, atendendo á historia rexistral das fincas en cuestión e ó convenio suscrito co Concello para a apertura da rúa Pintor Colmeiro.

Á vista da alegación presentada, considerarase ó "Grupo Espavene, S.L." como interesado no expediente, notificándosele as resolucións que se dicten nel (arts. 31.1.c e 58 Lei 30/1992, do 26 de novembro). A cuestión relativa á súa suposta titularidade sobre unha finca no polígono en cuestión solventarase no procedemento de execución e xestión urbanística, non afectando ó de aprobación deste instrumento de planeamento.

Proponse polo tanto estimar parcialmente a alegación no senso de considerar como interesado ó "Grupo Espavene, S.L." neste expediente e de tomar en consideración a súa alegación no procedemento de execución do polígono que de seguido se iniciará.

V.- Este procedemento tramitouse consonte co disposto no art. 86.2 LOUGA. O órgano competente para a súa aprobación definitiva é o Pleno do Concello, tal e como preceptúa o art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL). De conformidade co disposto no art. 74 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, os propietarios do polígono deberán constituír unha garantía polo importe do 20% do orzamento das obras de urbanización no prazo de tres meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 9 de xuño de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. RUÍZ CENICEROS: Brevemente para lembrar os motivos que nos levan votar en contra deste estudo de detalle, motivos que xa manifestamos cando se dictaminou para aprobación inicial e na definitiva no Consello da Xerencia.

Este é un estudo de detalle que sufriu varios cambios que se recollen no Plan Xeral pero eses cambios que supuxeron variacións e cada unha das versións do Plan Xeral presentadas levaron a que se aumentara o aproveitamento, a altura prevista (iniciouse en sete andares e actualmente son catorce alturas) e en troques do esperado supuxo unha redución das zonas verdes e do espazo reservado para equipamentos.

Por considerar que esta non é a mellor ordenación para a zona, nin tampouco supón unha defensa dos intereses públicos, votaremos en contra ó igual que no Consello da Xerencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle do Polígono "UE-I-02-Regueiro", promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán, S.L.", e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29 de setembro de 2004, con fixación do sistema de execución por compensación. (Expte. 8857/411).

Segundo.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Eduardo Canabal Sanz no trámite de información pública, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo. Estimar parcialmente as alegacións interpostas por D. José Alonso Rodríguez en representación de "Grupo Espavene, S.L.", no senso de outorgarlle a condición de interesado no expediente e de tomar en consideración a súa alegación no procedemento de execución do polígono que de seguido se abrirá.

Terceiro.- Os propietarios do polígono deberán asumir o custo de conservación das zonas verdes. Tamén deberán constituír unha garantía polo

20% do orzamento da urbanización no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos propietarios do polígono e alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Notifíqueselle tamén ao equipo redactor do novo Plan Xeral. Publíquese no BOP e no DOG e comuníquese á CPTOPV da Xunta de Galicia nos termos regulados no art. 92 Lei /2002, do 30 de decembro (LOUGA).

Explicación de voto do concelleiro Sr. Toba Girón polo Grupo municipal do BNG.

Este é un estudo de detalle que está en conexión directa cun par de convenios que houbo que resolver durante o mandato pasado por mor da ocupación dos terreos en Pintor Colmeiro. Os convenios redactáronse estrictamente cos valores dos polígonos fiscais coma se pode comprobar na documentación e a edificabilidade media deste estudo de detalle é de 1,313 que é a edificabilidade media da Ordenanza 1.2.a que está prescrita no Plan Xeral para esta actuación, quedando unha parcela para o Concello de 374 m2 xustamente onde a queríamos na Corporación anterior: a rente de Pintor Colmeiro por se no seu día fose necesario ampliar ese centro de saúde. Nada máis, gracias.

3.- (124).-POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CUARTO HOSPITAL EN VIGO. EXPTE. 4603/401.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de maio de 2005, o concelleiro delegado de Urbanismo, Sr. Figueroa Vila, formula o seguinte informe-proposta:

"Dende tempo atrás vense manifestando a necesidade de construír un cuarto hospital público en Vigo, para poder así cubrir dun xeito máis eficaz o incremento progresivo da demanda dos servizos sanitarios no municipio e na súa área metropolitana.

Por tal motivo, no proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 30 de decembro de 2004 (DOG 31, do 15/02/2005) delimitouse un novo sector de solo urbanizable, denominado "S-66-D-Hospital", en Valladares, a carón do Parque

Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, entre o vial de acceso á universidade e o segundo cinto de circunvalación. Abrangue unha superficie de 246.443 m2. Nel prevese un uso exclusivo dotacional público de "4º hospital de Vigo para atención á poboación da área metropolitana do sur".

Na memoria xustificativa do novo PXOM (páx. 227) constatouse a importancia e necesidade deste equipamento, así como a conviñenza da súa localización no "Vial de acceso á Universidade". O planeamento de desenvolvemento será de iniciativa pública, a tramitar no ano seguinte ao de aprobación definitiva do novo PXOM.

En data 23 de maio de 2005 o director xeral da División de Recursos Económicos da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dirixiu un oficio a esta Administración municipal no que comunicou a intención do "SERGAS" de redactar e executar o proxecto constructivo do novo Hospital. Para tal fin solicitou o compromiso da Corporación municipal de cesión gratuita dos terreos necesarios, así como de asunción dos custos de urbanización precisos para o enlace do sector co entorno e cos servizos públicos.

No día 25 de maio de 2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas da Xerencia de Urbanismo emitíu un informe do que se deduce que, dada a colindancia do sector co "Vial de acceso á Universidade", co "Segundo cinto de circunvalación" e co "Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo", o novo complexo hospitalario non necesitará en principio de obras de urbanización exteriores ao seu propio ámbito.

Na mesma data, o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo emitíu un informe no que entroutros extremos sinalou que a cesión e urbanización dos terreos nos que se prevé a ubicación do futuro 4º Hospital de Vigo require a previa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. No caso de que neste non se contivese a ordenación detallada do ámbito, precisarase tamén a previa aprobación do correspondente Plan Parcial (art. 109.3 Lei 9/2002, do 30 de decembro, LOUGA), ou Plan Especial (art. 109.5 LOUGA). Unha vez obtidos os terreos mediante os procedementos establecidos nos arts. 165 e ss. LOUGA, resulta factible a súa cesión gratuita á Administración autonómica para fins de interese público sanitario (art. 276.2 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia), previa tramitación do correspondente expediente."

Polo anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Urbanismo formula a proposta que transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26 de maio de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

Incluído este expediente na orde do día do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 30 de maio, acórdase a súa retirada a petición do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar e coma é a miña primeira intervención coma voceiro do Bloque no Pleno logo das eleccións, quero

aproveitar esta sesión para que conste en acta a felicitación por parte do BNG a todos os galegos e galegas polo seu grande comportamento nas eleccións autonómicas e quero felicitar tamén ó Partido Popular por seren a formación política da lista máis votada. Felicitar, por suposto tamén, ó Partido Socialista polo seu espectacular crecemento tanto en número de votos coma en escaños. Dito isto, para que conste en acta a nosa felicitación a esas dúas forzas políticas e a todos os galegos e galegas, pasamos a falar do punto 3.

En primeiro lugar o que teño que dicir, Sra. Presidenta, é que lamentamos que vostede non cumprira, é máis, que desprezara, por así o dicir, un acordo plenario desta Corporación, acordo que por maioría instou e aprobou a retirada deste punto da orde do día do anterior Pleno por distintos argumentos. Un deles era que lle pediamos que este tema non fora motivo de campaña electoral e que unha vez máis non utilizáramos á cidade de Vigo e un grande proxecto coma este para tentar sacar réditos electorais. Ben, houbo un Pleno da Corporación que decidiu retirar este tema da orde do día e vostede non tivo ningún problema en se sacar a foto diante desa presentación dun proxecto, ou non sei que era aquela presentación porque entroutras cousas teño que lle dicir que ó día de hoxe polo menos o meu Grupo non ten ningún tipo de información, ningún tipo de comunicado que nos diga cal é ese proxecto, cómo vai ser ese hospital.

Vostede dicía no anterior Pleno que non se podía retrasar máis e eu preguntárame se dende o 30 de maio ata hoxe se retrasou algo polo feito de que isto non o trouxeramos ata hoxe. En todo caso e aínda que se retrasara estamos absolutamente convencidos de que esta é unha obra necesaria para a cidade e polo tanto unha vez máis voltamos reclamarlle o consenso necesario para que este novo hospital poida ir cara adiante sen ningún tipo de problema e que todos poidamos contribuír porque nós estamos aquí, Sra. Alcaldesa, para contribuír e traballar por esta cidade e queremos e pedimos que se nos deixe facer. Polo tanto se existe xa ese proxecto, iso que vostedes presentaron días antes das eleccións autonómicas, queremos coñecelo, opinar sobre el e tamén aportar todo o que teñamos que aportar.

Por suposto que imos votar a favor desta cesión dos terreos e gustaríanos que esta votación a favor sexa tamén cun rogo clarísimo: que por favor se nos remita este proxecto para que poidamos traballar nel. Nada máis e moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Unha moi breve intervención para lles lembrar a todos que o Partido Galeguista estaba disposto a votar a favor coma anunciou no Pleno no que vostede pretendía levar este tema cara adiante porque, independentemente de calquera circunstancia, as electorais galegas e as doutros lugares son circunstanciais para Vigo. Entendemos que estamos aquí para defender os intereses dos vigueses e entendemos tamén que obras coma estas canto antes se fagan, canto antes se posibiliten por parte da administración municipal, mellor que mellor.

Pero, Sra. Alcaldesa, déixeme dicirlle tamén que non comprendo e non comparto a súa actitude non respectando a decisión do Pleno da Corporación e non a respectando no seu fondo e no seu contido auténtico, no seu espírito, cando aquí falamos todos de que queríamos falar, opinar, participar. Vostedes non nos dan ningún tipo de explicación, aparecen anunciando cousas que efectivamente descoñecemos (estou totalmente de acordo co voceiro do Bloque) e realmente con este tipo de actitudes o único que fan é poñerlle atrancos a proxectos tan importantes coma este.

Non será o noso caso, a nosa actitude vai ser de colaboración leal sempre en función do que presenten enriba da mesa, pero a súa actitude non respectando unha decisión plenaria non nos gusta, Sra. Alcaldesa, e non nos gusta tampouco que alén de non respectaren unha decisión plenaria (que sería razón suficiente) non conte vostede realmente cos Grupos da Corporación municipal porque ó mellor non somos quen de achegaren ren, pero ó mellor si e esa soberbia de non querereren contar cos demais, insisto, non nos gusta.

SR. RUÍZ CENICEROS: Pola nosa banda para insistir nos argumentos que manifestamos no anterior Pleno.

Efectivamente e malia o retraso da aprobación deste acordo e malia que no día de hoxe se vote favorablemente por todos os Grupos e se aprobe, non vai supoñer ningún adianto práctico para o que vai seren a consecución e a construción do cuarto hospital.

Déuselle unha mala información á opinión pública no sentido de que neste Pleno se debatía e votaba a cesión. Non se fixo nin no pasado Pleno nin se fai neste porque en realidade é unha declaración de intencións de que no seu día o Concello, cando dispoña deses terreos, ten vontade de cedérllelos á Consellería, pero a día de hoxe non se está votando ningún tipo de cesión e coma dixemos aquel día depende aínda de que se aprobe o Plan Xeral,

depende de que se redacte e se aprobe o Plan Parcial, de que o Concello proceda no seu día á expropiación, á compra, á permuta forzosa deses terreos e nese momento si que terá validez, si terá aplicación o proxecto constructivo do cuarto hospital co que a efectos prácticos temos aínda tempo (tremo que mesmo anos) para estudar e debater ese proxecto que no seu momento, por motivos coido que electorais, anticipouse e publicitou por meros motivos en principio, ó noso xuízo, propagandísticos.

Coidamos que por parte do Goberno terían que clarexar efectivamente porque esa é a información que en realidade deben recibir os cidadáns, que esta non é unha cesión formal de terreos, nin moitísimo menos, é sinxelamente unha declaración de vontade que depende aínda dunha inxente tramitación administrativa e que a efectos prácticos non se produciu ningún tipo de retraso.

Todo iso sen prexuízo da deslealdade co resto dos Grupos que xa puxeron de manifesto o resto dos voceiros. Gracias.

A PRESIDENCIA: Só clarexar que non foi ningún anuncio electoral xa que realmente pasou polo Consello da Xunta de Galiza para licitar o proxecto. Polo tanto o único que teño que dicir é que eu fun invitada á presentación deste estudo ós axentes sociais, un estudo que se fixera previamente e que coma Alcaldesa da cidade coido que tiña que estar alí.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Manifestar a disposición desta Corporación Municipal a cederlle gratuitamente á Administración autonómica sanitaria os terreos precisos para a construción do "cuarto hospital de Vigo e da súa área metropolitana", en Valladares, previa aprobación e entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, ou planeamento pormenorizado esixible e tramitación dos procedementos administrativos necesarios para tal fin, co respecto do disposto na lexislación vixente.

Segundo.- Manifestar o compromiso desta Corporación Municipal a impulsar do xeito máis áxil posible os instrumentos de xestión urbanística necesarios para a rápida obtención dos terreos afectos á implantación do referido hospital.

Terceiro.- Notifíquese este acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ó equipo redactor do novo Plan Xeral, na forma legalmente establecida.

4.- (125).-ESTABLECEMENTO DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA COMO A FORMA DE PRESENTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE. 11257/444. (PDTE. PLENO 30.05.06)

ANTECEDENTES.- En relación co presente expediente, con data 18 de maio de 2005, o secretario xeral do Pleno informa o que segue:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).

ANTECEDENTES.-

Con data 11 de maio de 2005 o concelleiro dos Servizos Electromecánicos solicita desta Secretaría Xeral informe xurídico sobre a posibilidade de tramitar un contrato de mantemento e conservación do alumeado público mediante contrato para a xestión de servizos públicos.

A esta petición de informe élle aplicable o previsto no art. 122.5.e) 1º da LBRL, de conformidade co precepto estos informes deben ser ordenados pola Presidencia da Corporación, non obstante cabe entender que este requisito se cumpre cando tal petición de informe é solicitada por unha Concellería en relación coas materias nela delegadas pola Alcaldía, polo que procede emitir o seguinte informe:

Estase tramitando expediente de contratación para a prestación dos servizos de conservación e mantemento das instalacións de alumeado público do Concello; o prego de prescricións técnicas advirte que o contrato terá un prazo de vixencia de 8 anos polo que indirectamente está calificando o contrato como de xestión de servizos públicos optándose pola concesión administrativa como modalidade de xestión indirecta.

O artigo 123 da LBRL refírese ás atribucións do Pleno, este precepto no seu apartado 1.g) advirte que corresponde a este órgano "A determinación das formas de xestión dos servizos...", isto quere dicir que previamente á aprobación do expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local, o Pleno da Corporación debe decidir a forma concreta de prestación do servizo, cuestión que con anterioridade á reforma da LBRL operada pola Lei

57/2003, decidíase implícitamente por este órgano no momento de aprobación dos respectivos expedientes de contratación.

Para falar de “servizo público local” é necesario, entre outros requisitos -regularidade ou continuidade- que unha disposición legal declare expresamente que tal actividade debe ser asumida pola Administración como propia o que implica a necesidade de prestala en beneficio dos cidadáns.

Na lexislación de réxime local o “alumeado público” como servizo prestado pola Administración Municipal ós cidadáns ou particulares para o seu uso e disfrute e as súas conexas prestacións de conservación, mellora e mantemento, está concebido como servizo público municipal a través da mención que del efectúan os arts. 25.2.1) e 26.1.a) da LBRL que indican que os municipios exercerán en todo caso competencias na materia sinalada polo que cabe que a natureza xurídica do contrato sexa a de xestión de servizos públicos.

O art. 85.2 da LBRL sinala que os servizos públicos de competencia local poderán prestarse directa ou indirectamente e concreta que as formas de xestión indirecta son as previstas no art. 156 do TRLCAP, é dicir, concesión, xestión interesada, concerto e sociedade de economía mixta.

Antes de indicar cal é a forma de xestión indirecta máis idónea para a correcta e eficaz consecución dos fins previstos, é preciso fundamentar as razóns polas que non procede a prestación do servizo mediante xestión directa. Neste sentido indicaremos que o motivo esencial pola que a administración municipal non presta o servizo a través da súa propia estrutura é a carencia de medios persoais e materiais adecuados na organización municipal, é dicir, á ausencia en cadro de persoal de persoal funcionario ou laboral especializado nas tarefas a realizar e na indispoñibilidade de medios instrumentais necesarios. Os medios humans, no expediente confeccionado, elévanse a 26 persoas e para os materiais calcúlase un investimento de 360.646 €, cantidade significativa que impide a súa amortización normal nos reducidos prazos que o TRLCAP sinala para os contratos de servizos.

En canto ás formas específicas de xestión indirecta unha característica común da xestión interesada e da sociedade de economía mixta é a participación da administración nos posibles beneficios lucrativos que poden derivarse da prestación da actividade, posibilidade que o Concello non se pode propoñer neste caso ó non ser o servizo de conservación e mantemento do alumeado público unha actividade suxeita a prezo. En canto ó concerto debemos dicir que esta forma indirecta caracterízase pola existencia de particulares que realizan prestacións análogas ás do servizo a contratar, forma típica cando se fala dos servizos educativos ou sanitarios pero de imposible encaixe no que nos ocupa en tanto en canto este se efectúa materialmente sobre bens de dominio público municipal onde a iniciativa privada é inexistente.

Por exclusión a modalidade baixo a cal debe prestarse o servizo ha de ser a concesión administrativa, típica e tradicional forma de xestión indirecta caracterizada como un contrato en virtude do cal un empresario, a cambio dunha contraprestación económica presta, controlado e dirixido pola Administración, un determinado servizo baixo o seu propio risco e ventura, sen prexuízo do equilibrio económico-financeiro que corresponda por

introducción de modificacións ordenadas pola Administración Municipal. A retribución do concesionario debe permitir, mediante unha correcta xestión, a amortización e cobertura dos gastos de explotación e a obtención de normal beneficio industrial.

En virtude do exposto deberá elevarse ó Concello-Pleno proposta na que se estableza a xestión indirecta mediante concesión administrativa como a forma de prestación do servizo público de mantemento e conservación do alumado público que, no seu caso, deberá ser acordada co voto favorable da maioría simple dos asistentes."

Con data 19 de maio, a xefa da Área de Réxime Interior emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de maio de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

No Pleno da Corporación que tivo lugar o día 30 de maio, a Presidencia retirou este asunto da orde do día non sendo sometido a votación.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Nós solicitamos no pasado Pleno que se retirara; no seu momento non estivo o expediente completo ó dispor dos Concelleiros pero agora si está. Estudiámolo e parécenos en xeral un bo prego de condicións.

En todo caso, non sei se neste Pleno, pero eu lles quería facer unha recomendación: insisto en que é un bo prego en xeral pero que se mire porque para nós ten unha eiva, é dicir, danos a impresión de que non está ben contemplada a clasificación xa que segundo o artigo 37 do Regulamento de contratos das administracións públicas, para nós entendemos que a clasificación tería que ser a P01D. Que o estuden os técnicos pertinentes porque nós non o somos pero por se acaso facemos este aviso por se o hai que rectificar e aínda estamos a tempo.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Dá a impresión de que este servizo está condenado á privatización por parte do PP. Xa o sufrimos na antepenúltima Corporación e agora voltamos de novo á súa privatización pero cuns tintes para nós alarmantes.

En primeiro lugar o que se cambia é a fórmula de xestión de servizo público por unha concesión administrativa. Nin tan siquera se estudaron outro tipo de fórmulas que sinceramente noutros Concellos deron bo resultado non só pola prestación do servizo en si, senón mesmo para as propias arcas municipais e poño un exemplo como é o do Ajuntament de Barcelona o Institut

de Parques e Jardíns que dende logo recomendaría que se estudara porque si pode haber outras fórmulas e non coma pretendes vostedes abocármolos única e exclusivamente a esta concesión administrativa.

Nós pensamos que se debe atender á recuperación dos servizos municipais ou isto é polo menos o que nós propoñemos, aínda que sexa de xeito progresivo e boa proba diso son algunhas das cuestións que se fixeron en concreto neste servizo.

Na anterior Corporación recuperáronse dos servizos Electromecánicos determinados aspectos, determinadas funcións e que demostraron precisamente que grazas a esta fórmula se pode descubrir que a xestión directa por parte do Concello o único que fixo foi repercutir de xeito positivo no servizo e mesmo nas propias arcas municipais.

Con esta fórmula que traen vostedes o único que consiguen é a confusión e o desánimo por parte dos traballadores. A verdade é que non entendemos este xeito de dialogar e escoitar as demandas dos traballadores do que tanto presumen vostedes.

Na anterior Corporación na que nos atopamos, precisamente con este servizo privatizado a última hora pola antepenúltima Corporación, coma dixen antes, o que nos obrigou foi en primeiro lugar á redefinición das funcións deste servizo e sobre todo a ilusionar ó conxunto do plantel que tiña un desánimo moi grande porque sinceramente non sabían que era o que ían facer. É máis, coidamos que tamén se debería facer unha política de formación e ampliación dos coñecementos que, por certo, ata agora non se fixo nestes servizos. Non se fixo ningún tipo de curso de formación agás aqueles que eran de prevención de riscos laborais, ¿cómo se pode ter un servizo competente cando non se lle dan nin os medios, nin as ferramentas fundamentais para que precisamente poidan desenvolver o seu labor?

Pois foi esa política que se iniciou no Goberno anterior o que permitiu un salto cualitativo importante na modernización deste Servizo que ademais non ten parangón xa non só en Galiza, senón mesmo no Estado e ás probas remítome. Boa proba diso é que este Servizo foi un exemplo a seguir para outros Concellos en canto ó seu desenvolvemento.

Como dicía antes, a recuperación de determinadas prestacións por parte do propio Servizo de Electromecánicos neste caso, insisto, permitiu contrastar que non sempre a xestión por parte da empresa privada é beneficiosa ou efectiva, senón todo o contrario o que pasa é que o que hai que ter é unha política clara cousa que a vostedes non lles vemos.

Polo tanto nós entendemos que con este prego de condicións se afonda moitísimo máis na desilusión da xente e dende logo non vai repercutir de xeito directo no servizo que para nós é o máis importante.

SR. FIGUEROA VILA: Loxicamente cando se fan discursos desta magnitude un ten que contestar.

Sr. Viéitez, vostedes no seu goberno fixeron 252 privatizacións e asistenciais técnicas mentres gobernaron e lembro a data porque fixemos un estudo que ademais veu a este Pleno. Foron 252 as privatizacións e asistenciais técnicas feitas por un Goberno presidido por un Alcalde do Bloque Nacionalista Galego e apoiado polo Partido Socialista, se quere llas digo todas por se non se lembra delas.

¿Quere que lle faga a relación? Fágoa: as máis importantes foron as de lixo, colectores, etc., ata fixeron a contratación da asistencia técnica dun avogado para redactaren un convenio, ¿non lembra a privatización do servizo de información? ¿de garderías? Absolutamente de todo, non municipalizaron absolutamente ningún servizo durante os catro anos que gobernaron vostedes. ¿Cómo ven agora con ese discurso? Paréceme ben que vostede poida estar de acordo ou non co fondo do tema pero non faga ese discurso político porque entón se contradí e ademais utiliza a demagogia xa que cando están no Goberno fan unha cousa e cando están na oposición outra distinta e iso non é crible para os cidadáns porque cando escoiten que vostedes fixeron 252 privatizacións e asistenciais técnicas dun goberno presidido polo Sr. Pérez Castrillo loxicamente non lle van crer, van pensar que os están enganando porque fan unha cousa cando están no goberno e outra totalmente distinta cando están na oposición. Os datos están aí porque teño un estudo que ademais llo vou remitir para que teña coñecemento, quitámolo das actas das Xuntas de Goberno e dos Plenos, non foi invención nosa, están todas, 252.

Segundo, vostede contradise nunha segunda cuestión; di que este Servizo foi un exemplo do xeito de facer para outros Concellos e polo tanto quere dicir que funcionou correctamente, vostede dirixiuno ademais durante un determinado tempo. Polo tanto nós coidamos que este Servizo está desenvolvendo un bo labor para as demandas que presentan os cidadáns. Aquí o único que se propón é que en troques dunha xestión de servizos públicos se faga unha xestión indirecta mediante unha concesión administrativa. A diferenza real é que se amplían un pouco máis os anos de duración do

contrato para que se poidan facer investimentos, se poidan amortizar. Ese é única e exclusivamente o fondo do tema e vostedes sábeno e saben que o servizo de alumado público precisa investimentos importantes na nosa cidade, tanto no rural coma no centro, porque hai que ir mellorando e modernizando as instalacións e o único xeito de poderen facelo se non queremos utilizar cartos públicos é facendo un contrato moito máis amplo para que se fagan investimentos e se poidan amortizar. Esa é única e exclusivamente a diferenza entre o servizo que se estaba prestando ó que se vai prestar nos vindeiros anos se o Pleno cambia o xeito de xestión deste servizo.

Iso é o que se trae aquí e por tanto se vostede di que ese Servizo foi un exemplo a seguir, quere dicir que funcionou correctamente. Recoñezo tamén que vostede tivo unha parte importante porque o dirixiu durante dous anos e medios largos, polo tanto coido que o coñece perfectamente e coido que estamos dando mostras de coherencia, de rigor, de responsabilidade política; iso é o que estamos facendo.

Con respecto á primeira parte díganme só un servizo que municipalizaran vostedes durante os catro anos de goberno, un só, quero que me poñan coma exemplo un só para que a xente o poida crer.

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que fixen unha intervención moi técnica pretendendo mirar cara adiante pero me preocupan os seus discursos políticos, os duns e os doutros porque se están nese tipo de pelexas eu voules dicir unha cousa a todos, a uns e ós outros porque ambos os dous partidos pasaron polo goberno e non se preocuparon de que se cumprira o prego de condicións que había porque foi flagrantemente incumplido e se queren lles digo en qué porque o lembro.

Polo tanto lles digo a uns e ós outros por se acaso, por se van andar neste tipo de discursos, que nós en todo caso imos estar noutros; en vixiar que ese prego de condicións que acabamos de calificar coma bo se cumpra da "a" á "z" porque co prego anterior non o fixeron, nin uns nin outros e, insisto, non incumprimentos tanxenciais, senón flagrantes sobre o fondo do tema.

Se andan en discursos políticos que coido estupendos e son respectabilísimos porque cada quen ten o seu e nós temos o noso, o que si lles digo é que poñamos rigor en algo polo que estamos aquí e é na xestión, en que se cumpra o que se di por parte de todos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Precisamente por coñecelo fago esta intervención nese sentido e non outro á parte da propia filosofía. Voulle dicir porqué me estou remitindo a este Servizo, cando queira discutimos doutras cuestións pero nestes momentos teño a capacidade e coñecementos máis que suficientes para lle dicir que dous servizos que se viñan prestando de xeito privatizado por este propio servizo, coma era o mantemento das fontes públicas e as calefaccións dos colexios, recuperáronse e leváronse de xeito directo por parte deste Servizo, claro que ó mellor vostede non coñece isto pero eu si e por iso falo.

Demostrou en primeiro lugar que ilusionando á xente, dotándoa de medios e de formación descubriuse ás veces as potencialidades que hai nos propios servizos nese sentido e demostrou, coma lle dixen antes, que ás veces a xestión indirecta de empresas privadas non sempre é a mellor. En todo caso e en cada caso haberá que estudar a súa casuística e neste pódollo demostrar porque as luces están aí e ás probas remítome nese sentido.

Pódese entender a asistencia á empresa privada cando son cuestións de carácter conxuntural ou en todo caso intermedias, pero non é este o caso ¿por qué non seguen vostedes coa mesma fórmula que tiñan ata agora? ¿Por qué en troques de dous máis dous nos pasan a oito máis dous? ¿Podemos falar do traslado do Capítulo VI ó Capítulo II nesta concesión? ¿verdade que non? Efectivamente diso non falamos pero cando queira tamén falamos.

É dicir, sinceramente remitámonos ó que nos traen en cuestión. Eu pregunteilles ¿cántos cursos de formación, de ampliación de coñecementos se lles deron ó persoal neste período, nesta Corporación? Cero patatero. ¿Cómo pretenden vostedes que o persoal preste o servizo en condicións actualizadas? Porque este é un servizo onde as novas tecnoloxías repercuten de xeito directo. ¿Cómo pretenden que o dean axeitadamente? É imposible. Agora ben, o que si pode haber é unha política progresiva ou paulatina de recuperación do servizo e nisto demostráronno.

¿Qué van facer vostedes? ¿Van redimensionar outra vez o Servizo con esta nova fórmula? ¿van ser vostedes quen de ilusionar por segunda vez consecutiva á xente do Servizo? Ultimamente mírase que non ten ningunha función e que se lle adica a traballos de carácter esporádico e sinceramente coido que esa non é a función deles e senón pregúntenllo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoto votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Buefill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruíz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Establecer a xestión indirecta mediante concesión administrativa como a forma de prestación do servizo público de mantemento e conservación das instalacións do alumado público.

5.- (126).-AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. ALFONSO RAMOS COVELO, PRESIDENTE DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO MUNICIPAL, SOLICITADA POLO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ENTE PÚBLICO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante acordo de data 21 de xuño, o Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo diríxese a este Concello solicitando a comisión de servizos do funcionario municipal D. Alfonso Ramos Covelo ó obxecto de que desenvolva nese ente público local o posto de xerente.

A xefa de Réxime Interior, con data 22 do mesmo mes, emite o seguinte informe:

"O artigo. 64 do RGI, de aplicación supletoria ó réxime local, define a comisión de servizos coma o traslado dun funcionario a un posto de traballo vacante que debe ser cuberto urxente e inaprazablemente.

A comisión de servizos supón a reserva ó posto de traballo de orixe, así mesmo as retribucións que perciba o funcionario serán as correspondentes ó posto de traballo ó que estea comisionado, con cargo ós créditos incluídos nos programas con que figuren dotados os postos realmente desenvolvidos.

Da petición efectuada polo Consorcio Casco Vello de Vigo, ente público local no que está integrado o Concello de Vigo, despréndese que a necesaria posta en marcha dos seus obxectivos require do nomeamento inmediato dun xerente, máxime cando o proceso de selección para a provisión dese posto declarouse deserto polo que neste sentido as razóns de urxencia e necesidade atópanse suficientemente xustificadas.

A comisión de servizos debe ter unha duración máxima dun ano, prorrogable por outro en caso de non se ter cuberto o posto con carácter definitivo.

A competencia para conferir comisión de servizos corresponde, en principio, á Xunta de Goberno Local dadas as funcións que en materia de xestión de persoal ostenta este órgano, non obstante e tendo en conta que o nomeamento de D. Alfonso Ramos Covelo coma Presidente do Tribunal Económico-Administrativo Municipal, acordouse polo Pleno no uso das atribucións previstas no art. 137.4 da Lei 7/1985, resulta obvio que sexa tamén ese órgano o que decida sobre a comisión solicitada.

En todo caso, en virtude do carácter voluntario de tal comisión, no expediente deberá constar a conformidade do interesado.

Como consecuencia da comisión de servizos o posto de Presidente do Tribunal Económico-Administrativo Municipal quedará vacante temporalmente. Neste caso é de aplicación a previsión do art. 3.6 do Regulamento Orgánico que determina que para ese suposto a Presidencia será desenvolvida polo Secretario e o posto deste polo Vocal. O posto de Vocal será suplido mediante nomeamento accidental acordado pola Alcaldía e recairá nun funcionario que reuna os requisitos do art. 6.2, nomeamento que poderá seren de adscrición ou acumulación de funcións mantendo as correspondentes ó posto de orixe."

Polo anteriormente exposto a xefa de Réxime Interior formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Presidencia somete a votación conxuntamente a proposta formulada e máis a ratificación da inclusión do expediente na orde do día ó non estar dictaminado por comisión informativa ningunha.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a D. Alfonso Ramos Covelo, técnico de administración xeral do Concello de Vigo, a comisión de servizos solicitada polo Consorcio Casco Vello de Vigo ó obxecto de que desenvolva nese ente público o posto de Xerente, funcións que serán retribuídas con cargo ós orzamentos do ente local citado.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó interesado e á Administración Pública solicitante que deberá comunicar a este Concello a data de toma de posesión e nomeamento.

PRECISIÓN FORMULADA POLO SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización. Hai un acordo plenario de ampliación de membros do Consorcio que agora mesmo, cando o Sr. Ramos Covelo tome posesión será o primeiro encargo que lle faremos dende a Presidencia.

Para que todos os corporativos teñan coñecemento: Había un compromiso de que os catro Grupos estivesemos representados, agora estamos tres, falla o Sr. Soto e que conste tamén, non coma acordo, senón coma proposta do Presidente neste caso que son eu e do Goberno de que así se vai facer.

6.- (127).-DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA O PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ENTORNO COMPENDIDO ENTRE AS RÚAS VELÁZQUEZ MORENO, RONDA DE D. BOSCO, JOAQUÍN LÓRIGA, ECUADOR, VÁZQUEZ VARELA, URZÁIZ, BAIXADA Á ESTACIÓN, ALFONSO XIII, GARCÍA BARBÓN, ISAAC PERAL, AREAL E PRAZA DE COMPOSTELA.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 2 de maio de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"43. PROPOSTA PARA APROBACIÓN TÉCNICA DO "PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ENTORNO COMPENDIDO ENTRE AS RÚAS VELÁZQUEZ MORENO, RONDA DE D. BOSCO, JOAQUÍN LÓRIGA, ECUADOR, VÁZQUEZ VARELA, URZÁIZ, BAIXADA Á ESTACIÓN, ALFONSO XIII, GARCÍA BARBÓN, ISAAC PERAL, AREAL E PRAZA DE COMPOSTELA". EXPTE. 58/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Pretendéndose a eliminación de barreiras arquitectónicas de xeito ordeado a partires da zona entorno da Praza Compostela, obxecto dunha ampla remodelación, redáctase o presente proxecto, no ámbito indicado no seu título, que é o susceptible de se abranguer coa partida orzamentaria do servizo de Vías e Obras do exercizo 2005 destinado a tal fin.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.

O orzamento base de licitación das obras, IVE incluído, ascende á cantidade de: 150.101,21 €. CIENTO CINCUENTA MIL CIENTO UN EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS.

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto redactouse atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Aprobar técnicaamente o proxecto "APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ENTORNO COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS VELÁZQUEZ MORENO, RONDA DE D. BOSCO, JOAQUÍN LORIGA, ECUADOR, VÁZQUEZ VARELA, URZÁIZ, BAIXADA Á ESTACIÓN, ALFONSO XIII, GARCÍA BARBÓN, ISAAC PERAL, AREAL E PRAZA COMPOSTELA" cun orzamento base de licitación IVE incluído de: 150.101,21 €. CENTO CINCUENTA MIL CENTO UN EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

A comisión informativa de Servizos Sociais, en sesión do 20 de xuño, quedou enterada do anterior acordo.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación quedando enterada.

7.- (128).-MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS DA "RUTA ANTONIO PALACIOS".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de maio de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte moción:

"Antonio Palacios Ramilo é, sen dúbida, un dos máis senlleiros arquitectos do século XX. Coa súa concepción grandiosa da arquitectura e do urbanismo está recoñecido polos críticos como un dos grandes mestres da monumentalidade da idade contemporánea no noso país. En vida xa disfrutaba de grande prestixio profesional, sendo un exemplo os acreditados cargos que desenvolvía e a prematura reputación acadada ó longo da súa carreira no círculo artístico a nivel nacional. Ademais, á súa faceta artística hai que lle engadir a súa faceta humanística, traballando moitas veces de forma desinteresada cando era entusiasta do proxecto.

A prensa da época tamén falaba del como un "galego ilustre que aspiraba a mellorar o futuro de Galicia", identificándose con esta terra no seu propio traballo e tratando de definir unha arquitectura vencellada e inspirada nas

raigames galegas. Este eco racionalista de notable influencia na súa época é o que marca a súa obra en Galicia, deixando notables e exemplares construcións en varios puntos da nosa xeografía que entendemos non teñen o suficiente recoñecemento social que debería ter a súa obra, estando casi restrinxida ós círculos dos profesionais da arquitectura.

Baixo esta responsabilidade de concienciación sobre o valor da súa obra, así como a promoción e explotación turística do seu traballo, é como se estableceron os primeiros contactos e xuntanzas entre os Concellos que acollen as súas obras na nosa comunidade. Estes nove Concellos estamos na procura de revalorizar a figura de Antonio Palacios con tres obxectivos específicos: a busca dun maior recoñecemento social da súa obra, a implicación das diferentes institucións e a creación da "Ruta Palacios" con fins turísticos para dinamizar as visitas ó patrimonio cultural deste insigne artista. Estes obxectivos conxuntos quedarían reflectidos na sinatura dun protocolo de colaboración entre Concellos que establecerá as pautas a seguir para acadar as ditas propostas.

Con esta idea, as Alcaldías de Porriño, Santiago, Noia, Vigo, Baiona, Nigrán, Mondariz, Ponteareas, a Garda e Carballiño presentamos esta moción para ser aprobada por cada unha das Corporacións:

Apoiar a sinatura dun protocolo de colaboración entre os Concellos implicados para a creación, dinamización e consolidación da *Ruta Antonio Palacios*."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 20 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta moción que se está presentando en moitos concellos onde tiña obra atribuída ó arquitecto D. Antonio Palacios ten coma obxectivo o maior recoñecemento social da súa obra e mesmo a elaboración dunha "Ruta A. Palacios" onde se incluan os concellos onde este arquitecto do Porriño teña obra.

É certo que a meirande da obra está na cidade de Madrid pero aquí, sobre todo no sur da provincia de Pontevedra, ten bastante obra o arquitecto D. Antonio Palacios.

Ese é o motivo de que se estea a presentar en distintos Plenos dos Concellos unha proposta de que o Pleno do Concello acorde a elaboración dun protocolo de colaboración para a creación, dinamización e consolidación da ruta Antonio Palacios. Nada máis.

(No momento da votación está ausente o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola Alcaldía-presidencia relativa á sinatura dun protocolo de colaboración entre concellos para a creación da "Ruta Antonio Palacios", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (129).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG REITERANDO O CONTIDO DE ANTERIOR MOCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE NO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á OPERATIVIDADE DO AEROPORTO DE PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de xuño, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, presenta a seguinte moción:

"O día 8 de outubro do pasado 2004 presentamos unha moción, aprobada por unanimidade, cunhas proposicións finais que dicían:

- "1.- Que AENA estudie a operatividade do Aeroporto de Peinador perante as 24 horas.
- 2.- Que namentres se fan os estudos oportunos e se procuran as dotacións pertinentes, se amplíe o horario de xeito inmediato pra permitir o cumprimento das solicitudes máis perentorias dos operadores.
- 3.- Que se acometa de inmediato un proxecto de ampliación do aparcadoiro.
- 4.- Que se aborde dunha vez a realización do Plan do Aeroporto."

Vimos de coñecer as respostas de AENA ás peticións do Concello de Vigo e por iso mesmo dos vigueses: un novo aldraxe.

En efecto, é intolerábel a proposta de AENA, pois non só non pon operativo Peinador perante as 24 horas, senón que nos anuncian un horario inferior a outros aeroportos con inferior número de viaxeiros e con moitísimo menor potencial de carga.

O Partido Galeguista está máis ca farto do mal trato que se dispensa a Vigo dende outras administracións e, neste caso, soamente o feito de que esteamos en campaña electoral nos fai demorar o que anunciamos dende agora mesmo: ou se resolve esta discriminación de xeito inmediato, ou convocaremos ós usuarios potenciais de Peinador a unha gran concentración que inmobilece o Aeroporto. Pra que se decaten en Madrid de que non imos calar por máis tempo nin a "dicir que chove".

Non nos gustaría chegar a ese tipo de medidas, pero lembramos lealmente de que xa nos vimos obrigados a facelo unha vez, cando nos querían levar o

ILS. O resultado foi bo entón e volvería a selo hoxe. Quen avisa non é traidor, di un vello refrán. Aí queda o noso compromiso de convocatoria en defensa do que merecemos. E anunciado con tempo...

Consonte co antedito propoñemos:

Dirixirnos ó goberno de España pra reiterarnos no contido da moción aprobada polo Pleno no seu día, advertindo de que non consentiremos discriminacións de ningún tipo."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: En outubro de 2004 o Pleno desta Corporación aprobou por unanimidade unha moción que nós presentamos e que falaba de que AENA estudase a operatividade do aeroporto de Peinador durante 24 horas, que mentres se facían os estudos e se aprobaban as dotacións pertinentes se ampliase o horario de xeito inmediato -diciamos daquela- para permitir o cumprimento das solicitudes máis perentorias dos operadores, lembro que era Air France a que realmente estaba interesada na ampliación do horario para establecer novos voos con París. Tamén que se acometese o máis axiña posible un proxecto de ampliación do aparcadoiro porque era e é escandalosa a situación do aparcadoiro de Peinador e que se abordase dunha vez por todas a realización do Plan do Aeroporto.

A verdade é que AENA non só non fixo o máis mínimo caso da moción do Concello vigués, non fixo nin o máis mínimo caso do uso que Peinador ven tendo ano tras ano, senón que se nos anunciou unha suposta ampliación de horarios e quedamos abraiados ó veren que aeroportos con moita menos carga de traballo e con moitas menos expectativas en estudos prospectivos cara ó futuro se lles facía unha concesión dun horario superior ó de Peinador.

Recoñezo que é un dos temas que mesmo me produciu unha rabia persoal grande pola inxustiza, polo aldraxe que se lle está a facer de novo dende os poderes públicos doutras administracións á cidade de Vigo.

Dende logo nós, que somos xentes de diálogo, de palabra, de concordia, empezamos a dicir que estamos máis que fartos e anunciabamos unha medida que xa tivemos que facer noutra ocasión e que imos anunciar novamente con todas as súas consecuencias: ou se resolve en tempo e forma porque non pode tardar tanto o tema de Peinador, non pode tardar meses, ou dende logo nós non o imos consentir. Ou hai un anuncio e un compromiso serio e formal de AENA con esta cidade para resolver os grandes problemas que ten Peinador,

ou senón o Partido Galeguista convocará publicamente o bloqueo do aeroporto de Peinador. Tivémolo que facer xa unha vez cando eu era alcalde e nos levaban un ILS e a verdade é que déixenme dicirlles que o éxito foi espectacular e os vigueses responderon espectacularmente porque non consentían seren espoliados.

Se se queren adherir os demais con moito gusto, estamos dispostos a que convoquemos todos, pero senón o Partido Galeguista convocará en solitario sen ningunha dúbida, sen ningún problema e sen ningunha vacilación a un bloqueo do aeroporto para que de verdade se enteren outras autoridade de que non imos dicir que chove.

Que se poñan as pilas os gobernos doutras administracións, governe quen governe, estamos en días de incertidume e pase o que pase coas sacas dos votos e governe quen governe non imos consentir aldraxes deste tipo de ningunha administración cara Vigo.

Sra. Alcaldesa, animámola a ter a coraxe de defender esta cidade de mellor xeito do que o fixo ata agora, permítame que llo diga. Eu comprendo que vostede fixo algúns esforzos nalgún sentido cousa que coido positiva, pero hai que estar disposto a se xogar o cargo por Vigo e non saír só nas fotos amables; eu dende logo estou disposto a xogarme o meu de Concelleiro se iso implica facer unha convocatoria dese tipo.

Non lle vexo a vostede folgos para resolver os graves problemas que ten esta cidade no tema das relacións cos demais, noutros temas si e tivo indubidables acertos que lle recoñecín no Pleno da Corporación coma por exemplo na súa relación coa Deputación e algunhas outras cousas, pero nestes outros temas, Sra. Alcaldesa, se é capaz póñase no seu sitio.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos apoiar a moción pero vou matizar un par de cuestións.

Xa se informou neste Pleno que a Alcaldesa lle pediu unha entrevista ó Presidente de AENA, este falou varias veces por teléfono coa Alcaldesa, logo fixo unha visita á Comunidade Autónoma e fixo unha roda de prensa fóra desta cidade; a Alcaldesa protestou diante daquela situación e mesmo voltou ter unha conversa telefónica co propio Presidente de AENA e este confirmoulle que cando rematasen as eleccións faría unha visita á cidade e ó Concello de Vigo para tratar os temas do aeroporto coa propia Alcaldesa.

Nós temos confianza nas persoas, coidamos que cando as persoas adquiren un compromiso é para o cumprir e esperemos que o Presidente de AENA o cumpra e coido que o vai facer e polo tanto esa é a situación que consideramos.

A partir daí se esa conversa e esa reunión non se producen evidentemente que o Goberno, supoño que apoiado pola Corporación, tomará as decisións que coide axeitadas pero imos dar o beneficio da dúbida sobre que o Presidente de AENA poida ter esa reunión coa propia Alcaldesa.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: O acordo que se tomou na iniciativa presentada polo Partido Galeguista no mes de outubro estase cumprindo estrictamente en todos os seus termos.

AENA estudou a operatividade do aeroporto de Peinador durante as horas necesarias para o seu funcionamento que non son 24, neste momento son 18 porque esa é a demanda que hai de compañías aéreas para utilizar as instalacións. 18 horas de tempo útil de funcionamento do aeroporto supoñen aproximadamente 20 horas reais de funcionamento para que estean os servizos operativos e abertos e por cuestións de persoal.

Esta declaración pública fíxose non só a quen lles fala, senón a todas as persoas de Vigo que quixeron poñerse en contacto con AENA -empresarios, políticos- para confirmar este extremo de que en canto novas compañías aéreas ou as existentes reclamen a ampliación do horario do aeroporto para o seu traballo o terán. Mentres non haxa demanda de utilización das instalacións porque non haxa ningunha compañía que opere fóra do horario de case 20 horas que hai agora mesmo, non ten sentido que nós, todos os que estamos aquí paguemos 4 horas de funcionamento que ninguén vai utilizar porque o aeroporto non se abre só, require de persoal e de gastos de mantemento para estaren operativo sempre e cando haxa actividade.

Isto está tan sumamente falado que me sorprende que non se entenda ou que non se queira ver. En todo caso non só é que estea dito, está feito, neste momento xa está abrindo 18 horas e non hai negativa para que se abra máis tempo, insisto, cando haxa necesidade do facer.

Segundo, en canto a que "mentres se fan os estudos oportunos ou se procuran as dotacións pertinentes se amplie o horario de xeito inmediato para permitir o cumprimento das solicitudes máis perentorias dos operadores" incide no anterior e xa se está facendo por petición dunha nova operadora para ampliar os voos con Francia.

“Que se acomete de inmediato un proxecto de ampliación do aparcadoiro”, estase facendo, Sr. Soto, anunciouse recentemente en entrevista co Sr. Güel o Sr. Arzuaga, presidente de AENA, que esa ampliación será ata 1.500 prazas que é o triple do que hai agora, está o proxecto en redacción e estará licitándose en breve e probablemente executándose. Non sei dicirlle porque eu non son técnica de AENA nin veño aquí en representación de ninguén senón do meu Grupo municipal, pero si lle podo dicir que se están seguindo os pasos necesarios para que esa obra se poida facer o máis axiña posible.

E “que se aborde dunha vez a realización do plan do aeroporto”, ata tal punto seguimos a indicación desta súa moción do 8 de outubro aprobada por todos, que esta Concelleira que lle fala, que tamén é Deputada polo Congreso, presentou unha proposición non de lei a primeiros deste ano que se aprobou por unanimidade estrictamente neste mesmo sentido que ten, coma lle digo, a aquiescencia do Goberno, que se está redactando, que probablemente este Plan do aeroporto, que xa lle digo que non son quen para dicir coma ten que ser pero quen sabe opina que probablemente abrangará do 2008 ó 2018, pero xa lle digo que está en redacción.

Querería dicir algo máis, é que coido que é a primeira vez na historia das relacións do aeroporto coa cidade que dende o aeroporto se están entendendo e atendendo as reclamacións da sociedade viguesa cunha liña directa de comunicación coa empresa AENA e a min cónstame porque mo dixo persoalmente e se a miña palabra ten algunha validez para vostede, que entendo que si a debe ter, o propio Sr. Arzuaga díxome que non se fará ren en Vigo que non conte cun debate previo, cunha consulta previa con aqueles sectores interesados e a proba tenna vostede na entrevista que se realizou recentemente entre representantes do Club Financeiro, por petición deles, coa empresa AENA, precisamente para lle trasladar o punto de vista dos empresarios que non son os únicos que utilizan o aeroporto, son unha parte moi importante pero neste sentido para lle dicir ó Sr. Arzuaga que nese novo Plan director deseñado por el que teña en conta a cuestión das mercadorías.

Estamos no momento preciso de abordar eses temas porque ese Plan Director se ten que redactar e facer cun criterio importante, intelixente e axeitado para o que Vigo precisa. Non é tan sinxelo como semella que de súpeto o aeroporto de Vigo medre no sentido das mercadorías, sen embargo se está atendendo. Non é tan fácil porque entroutras cousas implica que os empresarios fagan cousas que ata o de agora non fixeron nunca e reclamen

doutras administracións, por exemplo a municipal ou a autonómica, axudas que ata o de agora non reclamaron nunca.

Eu por exemplo vería moi ben a súa iniciativa, que en todo caso respecto tal e coma está porque redunda sobre algo xa feito o que se está facendo e serve coma recordatorio, pero ¿qué lle parece se facemos unha engádega? Unha emenda in voce na que digamos que a partir de agora tamén a administración municipal e a autonómica traballen da man para que se poida acadar efectivamente que no novo Plan Director o aeroporto de Vigo sexa un aeroporto dotado para o comercio, para o transporte de mercadorías.

Iso si sería achegar algo novo, iso está no debate neste momento pois ¿por qué non? Todo o que signifique apoio, todo o que signifique que a cidade vaia unida detrás desta demanda a min seméllame positivo.

Nós imos votar novamente a favor desta moción loxicamente, non estamos en contra de nada do que aquí se di. Estamos traballando duramente cada quen dende o lugar no que lle corresponde para que esta iniciativa que non é só de seu pero que en todo caso presenta vostede, vaia cara adiante.

Xa lle digo que o das 24 horas é o único matizable porque é unha petición, se quere unha desiderata, que vostede coma xestor que foi seguramente non asumiría xamais que ninguén lle faga manter aberto un servizo 24 horas cando non hai demanda e que cando a haxa vostede se comprometa a abrila coido que é a cuestión de máis sentido común que se lle pode pedir a un xestor, porque gastar os cartos de todos seguramente a vostede non lle gusta e a min dende logo que me repugna, pero se é por facer unha declaración, un brindé ó sol podémolo facer calquera.

Pero eu lle diría que centremos realmente a petición, que vaíamos detrás nesta cuestión. Ninguén estamos en contra para nada e dende logo o Goberno é quen menos en contra está; coido que é a primeira vez que a cidade de Vigo se está formulando o futuro do aeroporto co esforzo colectivo de todos.

Polo tanto e sen ningún tipo de acritude, Sr. Soto, coa maior estima e respecto pola súa iniciativa política, pediríalle que a centrase mellor, que fose máis ó fío da actualidade, que se acaso reclame a participación de quen ata agora estivo fóra de xogo nesta cuestión e atenda ás peticións neste caso dos empresarios que as veñen de formular recentemente.

Nós non lle quixemos facer unha emenda para non dar pé a ningún tipo de malentendido. Poderíamos presentar unha emenda por escrito pero ó mellor podía vostede pensar que estamos xogando, que estamos caneando; para nada,

este é o noso problema, a nosa reivindicación é exactamente igual, estamos dando os pasos necesarios cada quen onde os ten que dar e asegúrolle que se está indo por onde se ten que ir.

Agora ben, coma o que "abonda non dana", se vostede insiste en manter esta moción, eu suxeriríalle que lle fixera unha engádega nese sentido, é dicir, que tamén agora atendendo ás últimas circunstancias, tanto a administración autonómica coma a local se impliquen, manteñan unha reunión cos empresarios, se faga un grupo de traballo..., pódense facer un milleiro de cousas para facer o seguemento da redacción do novo Plan Director, para que a nosa voz se escoite nesa redacción.

Dígollo coa maior cordialidade coma non pode ser menos e no afán de que realmente cando haxa proxectos que están indo ben, cando haxa cuestións e demandas que están sendo atendidas, traballemos en positivo para que se atendan canto antes e mellor e non crear falsas ideas ou falsos debates na sociedade sobre o que non así.

Non quereda deixar esta quenda de intervención para lle agradecer ó Sr. Domínguez as súas verbas do principio e ó mesmo tempo felicitarmonos a todos, tamén ó seu Grupo político, porque en política hai momentos de altas, de baixas, de medias e en todo caso todos estamos correndo no mesmo espazo, no mesmo estadio e todos estamos traballando para que en Galiza haxa cada vez máis e mellor democracia.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Porteiro, vostede sabe que claro que creo na súa palabra porque a coñezo de hai moitos anos e ademais me precio de ser amigo seu entroutras cousas e eu non me precio de ser amigo de quen non ten palabra; vostede que me coñece sabe tamén que é así. Independentemente de que eu crea na súa palabra, no seu ánimo, no seu traballo que eu creo niso, dame igual que non mo recoñeza en voz alta pero ás veces as intencións e os traballos duns non se corresponden co que teñen que facer os outros.

Polo seu acento, que eu tamén coñezo as súas matizacións Sra. Porteiro, estou inclinado a crer que non só está convencida do que di, senón que debe haber algo ou bastante de certo no que di, fíxese no que lle digo. Pero déixeme lle dicir outra cousa, en primeiro lugar xamais pedín que o aeroporto de Vigo estivese xa taxativamente aberto 24 horas, Sra. Porteiro, teno diante, digo que AENA estude a operatividade de Peinador durante as 24 horas, que o estude, xamais dixen o das 24 horas.

¿Sabe por qué dicía o do estudo? Voullo dicir porque o sabemos todos, non hai nada debaixo da mesa neste tema; por exemplo se realmente somos quen de crear condicións ou poñer na mesa de negociación a empresarios, por suposto noutro sentido a sindicatos, etc., xunto co xestor de Aeroportos Nacionais sairían temas coma o da carga de peixe por exemplo que si farían precisas as 24 horas ou cosas polo estilo que ó mellor non se formulan porque ata agora non se soubo que houbera a aceptación a priori que vostede está anunciando. Se iso de "se hai carga de traballo para as 24 horas abrírase Peinador 24 horas" é así, non dubido da súa palabra pero déixeme meterlle a paréntese de a ver que fai AENA e chapeau.

¿Coma se me vai ocorrer que abra 24 horas se non hai carga de traballo para iso? Non se me ocorrería xamais e por iso falaba dun estudo. Pero o estudo tamén ten que seren convincente e se o estudo leva, entroutras cousas e coma ten que levar, un estudo de mercado en primeiro lugar sobre os mercados potenciais que ten Peinador e eses mercados potenciais van saír varios deles porque están na mente de todos e entón si sería necesaria a operatividade durante 24 horas. Sería poñerse de acordo e preguntarlle ós posibles clientes se estarían de acordo en asumir un compromiso no sentido de que utilizarían Peinador nunhas determinadas condicións.

Non lle teño que explicar isto, Sra. Porteiro, a miña moción ía nesa dirección e nela tamén está a realización do Plan do aeroporto.

Déixeme dicirlle porqué me quedei un pouco escandalizado, recoñezo que foi por un tema moi puntual pero o Plan do aeroporto é mellorable coma todo na vida pero é un Plan bastante bo, refírome ó que había xa co anterior Goberno do Partido Popular, entón non entendo, déixeme que llo diga tamén con claridade absoluta porque ou son moi lentos ou non entendo coma a un bo Plan (mellorable coma todo na vida) ó que se lle pode engadir ou quitar o que se queira, leva tanto tempo facer un estudo de cal ten que ser ese Plan.

Coma mínimo admítame, Sra. Porteiro, que van moi a modiño e polo tanto prégoles que lles meta présa ós que están a facer este traballo.

Por último déixeme dicir o punto desencadenante da moción no que eu percibín un maltrato para Vigo. Non o quería dicir ó principio porque podía semellar unha guerra da que vostede tamén sabe que eu estou lonxano: guerra da cidade A contra a cidade B, pero non hai ningunha razón obxectiva enriba da mesa para anunciar coma se anunciou dende o Goberno de España que Vigo ía abrir 18 horas e Alvedro 20 ou 24.

Por min Alvedro pode abrir un milleiro de horas, Deus o queira, e tamén outros aeroportos galegos, non teño nada en contra; pero se iso se fai e realmente non se contempla que ó aeroporto que ten máis carga de viaxeiros, o que máis medra e o que ten máis potencial posible de carga, moito máis que de viaxeiros, non se lle dá un trato neste caso xusto, a partir daí algúns podemos dúbida lexitimamente de qué se está querendo facer. Ese anuncio non o fixen eu, Sra. Porteiro, e iso é o que desencadenou esta moción, tamén llo digo así de claro. ¿Foi un malentendido? Fantástico, estarei desexando aplaudirlle ó señor responsable de AENA se conduce na dirección que vostede anuncia.

En todo caso por suposto que lle admito a súa moción porque é unha matización que, insisto, aínda que estivera contido no Plan Director do aeroporto anterior pero explicitado nos momentos en que estamos axuda ou debe axudar nos dous sentidos, dende logo moi especialmente no que se refire a que o Concello de Vigo e a Xunta de Galiza participen na elaboración dos estudos e traballos que determinen qué aeroporto de Peinador precisamos entre todos.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Primeiro para lle anunciar o noso voto a favor da súa moción e tamén para dicir que me alegra escoitar que o aeroporto de Vigo ten un Plan Director. Dígolle iso porque cando estiven no Goberno foi a miña responsabilidade que esta cidade non quedase descolgada, pódolle dicir que daquela todos os técnicos de AENA recibíronnos moi ben e estiveron na cidade.

Estamos a dicir que os plans directores son para cumprir. O noso foi de miras escasas, algúns así o manifestamos por escrito e por acordo desta Corporación tomamos a decisión do aprobar e mandalo cara Madrid con todas as nosas peticións a maiores.

Paréceme moi ben que de calquera plan director que é un documento vivo se vexa o seu resultado nos proxectos que se contemplan dentro del. Algúns puxéronse en marcha, os máis importantes coma o do acceso non e isa si que é unha competencia do Estado.

Alégrame moito que o Consello de Ministros do venres pasado por fin acordase transferírmonos o acceso ó aeroporto que tamén é importante, tamén é un acordo que ven de atrás e así se vai poder mellorar a seguridade vial de xeito claro para todo o acceso ó aeroporto porque hoxe realmente debe ser unha das rúas que máis accidentes ten semanais. Actualizar é bo,

mellorar tamén, amplialo tamén é positivo pero non esquezamos que temos un Plan Director que hai que cumprir.

Por todo iso a nosa felicitación para esta nova lembranza pero hai que traballar todos os días e non de cando en vez e falar de que hai que facer un novo; non, o que temos poñámolo a andar e mellorémolo. Hai quen fai portos noutras cidades sen facer estudos, nin plans directores, nin nada, ó bordo da lei e aquí non pasa nada, non. É dicir, Vigo ten dereitos, medios, peticións e traballo político feito nestes anos pasados, non nos quedamos atrás pero si temos que estar vixilantes de que se cumpran.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sinxelamente para clarexar dúas ideas que se deixaron aquí, non tanto para ampliar nada.

Sr. Soto, AENA non fixo ningunha declaración pública, nin ningún comunicado de prensa, nin houbo ningunha declaración pública en ningún sentido anunciando que o aeroporto da Coruña fose estar aberto x horas e o de Vigo en comparación outras tantas. O que vostede lembrará é unha información xornalística que eu mesma clarexei ó día seguinte e que dous días logo clarexouse polo mesmo xornal no que saíra.

O que dicía esa información que partía dunha confusión e non de AENA, era que o aeroporto de Alvedro estaría aberto 20 horas e o de Vigo 18. 20 horas son as do horario laboral que tamén está aberto o de Vigo, 18 horas é o horario operativo. Eu antes tentei explicalo, non quería facer referencia a esa confusión porque coido que xa está superada. Para que estea aberto 18 horas de xeito operativo ten que estar aberto entre 19 e 20 horas en horario laboral para que estean todas as instalacións en funcionamento. O que se estaba realizando neses momentos na Coruña eran as reunións cos sindicatos e cos empregados do aeroporto para veren se eran 19, se eran 20; estaba en pleno debate esa cuestión e polo visto sae daí esa nova.

En Vigo esa negociación péchase sen ningún problema e sen que trascenda entre AENA, os sindicatos e os controladores do aeroporto pero evidentemente calquera pode entender que o aeroporto non abre no momento en que empeza saír un avión, ten que abrir antes. Polo tanto o de Vigo tamén ten un horario, se vostede o quere cifrar en horario laboral, de aproximadamente 20 horas de apertura.

Estas dúas cuestións deron lugar a un mal entendido, é dicir, non ten máis horas de funcionamento de voos o aeroporto da Coruña que o de Vigo; o que ten agora é a petición de Iberia de facer un voo máis e abriría tamén 18

horas e se mañá ten o aeroporto da Coruña a petición dun operador para abrir, para facer un voo en horario nocturno ou de madrugada porque lle interesa a esa compañía operar na Coruña, AENA tamén estará disposto a estudar a apertura no horario que sexa, coma está en Vigo, absolutamente igual.

Para que tampouco haxa confusión queredría dicir que o Plan Director actual non só se está executando, senón que se adianta a súa data de remate en 5 anos. Estaba previsto que se rematase en 2015, vaise rematar no 2010 e isto é así, está dito publicamente polos responsables de AENA e é o que dá lugar a que se poida falar xa dun novo Plan Director pero evidentemente hai que rematar o actual e a seren posible mesmo adiantalo sobre o adianto xa realizado.

Isto non é por xenerosidade ou por unha dádiva de ninguén, é sinxelamente porque Vigo ten un crecemento que vai tan por riba do que o Plan Director anterior prevía que fai obrigado que dende AENA se teña en conta esta realidade. Este ano rebordaremos o millón de viaxeiros, o ano pasado quedámonos a moi pouquiño, esta era a cifra que estaba prevista para o 2015. Ante esa evidencia a propia empresa encargada de xestionar o aeroporto di que ese Plan Director se lle queda obsoleto, haino que rematar. Están investindo máis, metendo máis cartos, o ano pasado meteron 4 millóns para acelerar as obras, este ano van meter 8 millóns (anunciado tamén polo Presidente de AENA) para adiantar ó máximo as horas previstas no primeiro Plan Director e mentres se está redactando ese Plan Director estase executando o seguinte.

Polo tanto non quere dicir que cando haxa outro segundo Plan Director redactado o outro pase ó esquecemento; non, coma vostede sabe xa hai uns prazos de execución que se poden adiantar, un orzamento previsto, non hai por qué saltar iso e o que hai é que racionalizar, ver realmente as demandas, coma dicía o Sr. Fernández xa se fixo noutra ocasión así, pois magnífico e esta é a situación. Coido que non hai ningún tipo de alarma social, non a debería haber co caso do aeroporto de Peinador, coido que podemos estar diante dunha situación razoablemente boa, tampouco botarei ningunha campá ó vento, para mirar o futuro aeroporto con certo optimismo. Moitas gracias, Sra. Alcaldesa, por esta quenda.

SR. FIGUEROA VILA: A min gustaríame matizar varias cuestións das palabras da Sra. Porteiro.

Primeiro, non é a primeira vez que se está facendo algo sobre o aeroporto, hai un Plan Director que evidentemente se está executando na medida das posibilidades que o Goberno considere oportunas pero non veña agora dicir que hai un novo Plan Director. Hai un Plan Director que está consensuado, aprobado por esta Corporación, do que hai aínda uns meses que se puntualizaron e matizaron unha serie de cuestións. Hai que recoñecer o traballo da xente que colaborou e participou neste Plan Director, que se poidan facer modificacións puntuais ou que se poida analizar en profundidade algunha cuestión é outra cousa totalmente distinta, pero das súas verbas parece coma se agora houbese outro novo Plan Director. Non é certo, hai un Plan Director básico, que estaba axustado, cuns prazos, cuns tempos, cunhas obras, cuns investimentos e que se segue mantendo en vigor. Segundo, o que máis nos preocupa, Sra. Porteiro e das súas palabras delátase unha estratexia clara do Partido Socialista, é o sectarismo nesta cidade. ¿Cómo vostede, membro desta Corporación, pode dicir que se lles están anunciando ós empresarios os prazos, os tempos e o desenvolvemento deste Plan Director e das modificacións do aeroporto? Coido que a vostede se lle foron un pouco as súas reflexións ou delatouse claramente. É vergoñoso o que vostede acaba de dicir neste Pleno coma representante dun Partido, da Corporación e dos cidadáns.

Non se pode baixo ningún concepto suplantar a figura do Goberno, da Alcaldesa ou dos representantes do pobo de Vigo. Agora si que nos alarma e preocúpanos, xa comezamos a detectar que hai unha estratexia clara de vostede e dalgúns dos seus amigos que están tentando suplantar ós gobernantes desta cidade e ós representantes desta Corporación. ¿Cómo pode dicir vostede neste Pleno que o Presidente de AENA lle anuncia a calquera persoa, Presidente do Club Financeiro ou calquera outra persoa, o que vai facer co aeroporto cando ven a esta cidade, ten unha entrevista pendente coa Sra. Alcaldesa, ten unha conversa telefónica con ela e logo incumpre a súa palabra, convoca unha conferencia de prensa na cidade de Santiago co Delegado do Goberno e logo vólvese comprometer con el a que logo das eleccións virá á cidade de Vigo? E vostede di que lles está anunciando ós empresarios ou a calquera outro colectivo o que quere facer co aeroporto. Moi mal. Sectarismo puro e duro. Se isto faino o Partido Popular vostedes porían o grito no ceo. Isto non se pode permitir baixo ningún concepto.

Polo tanto a estratexia deste Goberno que coido que actúa de boa fe e así o dixen na primeira intervención, paréceme que temos que empezar a cambiar os

tempos, a forma e os contidos e ó mellor si que hai que lle dar a razón ó Sr. Soto, igual hai que seren un pouco máis duros, menos reflexivos, menos transixentes e tentar facer outras políticas.

Sra. Porteiro, se das súas verbas se traslada á opinión pública que o Presidente de AENA está negociando cos empresarios non sei que pinta vostede aquí nin os 27 membros desta Corporación que estamos. Coido que é lamentable, esperpéntico para un gobernante, un representante do pobo, dos cidadáns neste órgano máximo de representación que é o Pleno, coido que se lle escaparon as súas verbas e as súas reflexións un pouco. Gustaríame que rectificase e que isto non se volvera repetir. Se hai un interlocutor válido ante calquera estamento, ante calquera institución e ante calquera goberno, ten que ser o propio goberno da nosa cidade ou representantes do Goberno, calquera dos 27 membros da Corporación e, por suposto, a máxima figura que é a Alcaldía, neste caso a Alcaldesa da nosa cidade.

Polo tanto imos esixir dun xeito duro e inflexible ó Presidente de AENA que cumpra o seu compromiso coa Alcaldesa de Vigo, non imos esperar, ímolo facer inmediatamente.

Eu suxírolle á Sra. Alcaldesa que hoxe mesmo ou mañá remita unha carta solicitando unha entrevista urxentemente logo das verbas da Deputada socialista, Sra. Porteiro, no Pleno da Corporación de Vigo. Coido que é lamentable, Sra. Porteiro.

A PRESIDENCIA: Sexa breve Sra. Porteiro.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Tan breve coma o require a alusión que se me fixo. Está vostede dirixindo a pedra contra o tellado equivocado. Primeiro, non me parece axeitado que vostede me rife e non coido que sexa o ton que vostede teña que utilizar á hora de xulgar a miña actuación.

A miña declaración está gravada, vostede non escoitou con atención, non puxo atención ás miñas palabras. Está terxiversando absolutamente o que dixen. Non vou repetir o que está recollido porque vostede pasará o traballo, se quere, do escoitar.

Está tirando a pedra sobre o tellado equivocado porque sabe moi ben a Sra. Alcaldesa que desta Deputada cando precisou algo de Madrid só obtivo cooperación e máxima discreción. Polo tanto, Sr. Figueroa, busque mellor o obxectivo da súa pedrada porque neste caso lle vai rebotar contra vostede, sinxelamente porque se equivoca, nada máis que por iso.

O único que está facendo AENA neste momento é atender as peticións que se lle formulan dende Vigo de entrevista para lle trasladar un documento que vostede vería nos xornais coma igual fixo o Sr. Fraga sendo Presidente da Xunta recibindo ós mesmos interlocutores no seu día reclamándolle medida e atencións para a cidade de Vigo que a vostede non lle escandalizaron o máis mínimo.

Polo tanto, non diga o que eu non dixen, se non entendeu o que eu dixen escóiteo na cinta e saiba que ten nesta concelleira, coma Concelleira e coma Deputada de Madrid, a máxima, principal e leal colaboradora para calquera asunto que de Vigo se trate e no que eu poida facer algo.

Plan Director: ou é que vostede non escoitou nada, ou é que eu lle estou falando en senegalés porque lle acabo de dicir ó Sr. Soto que o Plan Director vixente se está acelerando, non que non exista un Plan Director, que o Plan vixente se está acelerando e que é o momento de ir redactando o seguinte Plan Director que se fará co consenso da cidade e se a principal representante desta cidade é a Sra. Porro, coma así o é, ela terá que ter o papel protagonista que ela mesma queira xogar, pero que eu saiba en ningún momento AENA quere ter de costas ó Goberno municipal.

Fagan vostedes ben tamén as súas xestións que eu non sei coma as fan, se precisan algún tipo de colaboración aquí estamos todos, os oito Concelleiros do meu Grupo estamos dispostos a ir en manifestación a Madrid se AENA se porta mal con Vigo, a acompañala a vostede nunha visita, Sra. Alcaldesa, ¿quere vostede que vaíamos xuntas? Coido que non lle fai falla pero se así fose conte comigo para iso e para o que guste.

Dende logo non interprete as miñas verbas, escóiteas, se quere lle regalo un diccionario por se hai algunha verba que eu utilizo que ó mellor non sexa fácil de entender e en todo caso na gravación está exactamente o que dixen do que non me podo retractar porque non dixen nada que fose falso nin ofensivo. Máximo respecto para o Goberno municipal que me representa a min en primeiro lugar coma cidadá de Vigo e coma membro desta Corporación. Colaboración a máxima, a que vostedes me demanden e a que eu tamén poida facer nas outras vías de traballo que me teñen encomendado os cidadáns.

SR. FIGUEROA VILA: Escoitei perfectamente o que vostede dixo e non preciso escoitar de novo a cinta. Pero ademais é que os feitos o demostran, Sra. Porteiro, o Presidente de AENA ven á Comunidade Autónoma de Galiza a falar do aeroporto de Vigo na cidade de Santiago ¿ou non é certo este dato? Si é

certo, o Sr. Presidente de AENA acompañado do Delegado do Goberno deu unha conferencia de prensa na cidade de Santiago falando do aeroporto de Vigo e a partir daí foi cando fixo a súa desculpa.

O Sr. Calviño anunciou a través dun medio de comunicación a ampliación do aeroporto de Vigo, segundo dato obxectivo. Terceiro e máis obxectivo aínda: o Presidente do Club Financeiro é nomeado polo Partido Socialista membro do Consorcio da Zona Franca de Vigo ¿qué máis quere que lle diga? ¿dígollo así de claro ou é que non se enteran vostedes? Os tres feitos están aí e demostran claramente que o Goberno de Madrid suplanta a figura da Alcaldesa de Vigo na cidade de Vigo porque non é un Goberno da mesma cor política e punto, non hai máis conclusión.

Sra. Porteiro, se o quere entender enténdao pero os tres feitos son demostrables, son feitos obxectivos que non os invento eu, ¿qué máis quere que lle diga? Cando as cousas se demostran tan claramente e cando hai unha situación real e obxectiva tan clara as palabras sobran. Non vou facer máis intervencións, coido que con estes tres datos todos os cidadáns poden entender perfectamente a estratexia que están montando vostedes que está clara.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, reiterando o contido de anterior moción aprobada por unanimidade no Pleno da Corporación relativa á operatividade do Aeroporto de Peinador, co texto que se transcribe nos antecedenetes deste acordo.

9.- (130).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOLICITANDO QUE SE FAGAN ESTUDOS TÉCNICOS PARA A RECUPERACIÓN DAS VISTAS DA RÍA QUE ESTÁN A DESAPARECER POLO CRECEMENTO DAS ÁRBORES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de xuño de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Dende os altos do Castro, da Guía e da Madroa temos unhas vistas maravillosas da nosa Ría sen par e da súa contorna. Pero esas vistas van desaparecendo porque teñen medrado piñeiros e eucaliptos que as tapan.

Coidamos que a contemplación desas paisaxes son un ben apreciábel e apreciado, por vigueses e forasteiros, polo que cumpriría que se fagan os estudos pertinentes por se fose conveniente repoñelas de boa forma.

Consonte co antedito propoñemos:

Que polos Servizos Técnicos do Concello se fagan os estudos pertinentes pra determinar o xeito máis conveniente de podermos recuperar as vistas do Castro, da Guía e da Madroa."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 20 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Está visto que cada vez que este Grupo presenta unha moción se monta unha liorta, esperemos que esta sexa máis tranquila e coma están de felicitacións porque perden todos pero gaña todo o mundo e felicítanse, pois nós tamén felicitamos a todo o mundo por iren votar masivamente e esperemos que as famosas actas digan quen vai mandar, se uns ou os outros. Vaia a felicitación para todos os partidos.

A moción é moi sinxela porque coido que nun ano moi importante para Vigo xa que está esperando unha entrada masiva de xente por mor da Volvo Ocean Race, miradoiros coma o da Guía, O Castro, A Madroa, o propio Paseo de Alfonso deberían estaren en perfectas condicións de visibilidade porque haberá moita xente á que lle gustará ver a saída da Volvo dende sitios tan estratéxicos coma dos que estamos falando e lamentablemente se vostedes van a calquera sitio, mesmo ó Paseo de Alfonso que nos queda máis perto, verán que hai unhas árbores que non sei se son municipais ou dunha finca particular que non deixan mirar nin siquiera os barcos do cerco que están abaixo.

Pensamos que as árbores que hai pola parte de abaixo da Guía, do Castro e da Madroa que decidan os técnicos se deberían seren desbastados, sacarlles a folla, limpados ou o que sexa porque repítolles de novo que as maravillosas vistas que hai dende hai anos, hoxendía están máis copadas.

A moción é moi sinxela: que os técnicos valoren o que hai que facer, se hai que desbastar árbores, se hai que sacar ramas, se hai que limpar todo porque mesmo en caso de incendio a ramada que hai é perigosa, iso é coma pólvora.

Se coma espero, no novo talante que teñen todos, se aproba esta moción que se faga o máis axiña posible por veren se cando sexa a saída da Volvo temos todo isto limpo para que os nosos visitantes poidan mirala dende aí.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Para anunciar que lles imos votar en contra porque da proposta que vostedes fan só hai tres alternativas, dúas son descartables pola súa complexidade técnica e a outra é basicamente cortar a árbore.

Xa se presentou varias veces esta proposta, non pola parte de vostedes senón por outras solicitudes e o único que sinceramente se pode facer, fóra das outras opcións de carácter técnico pero moi complexo, é cortar as árbores e, por certo, no Paseo de Alfonso XII hai unha oliveira que coido que ten algo que ver co propio Concello.

Insisto en que a única solución que hai é mantelos coma están e por iso lles imos votar en contra.

SR. FIGUEROA VILA: O Sr. Viéitez adiantóusenos porque ó final nós o que si estamos dispostos, Sr. Alonso, é que esta moción se lle traslade ós técnicos e que nos fagan un informe pero vai ser un pouco na liña do que dixo o Sr. Viéitez.

Se vostede cambia a moción e a resolución é: "que se traslade ós técnicos para que fagan un informe que se poida votar", así ben, se non nós non poderemos votar, absteríamonos e que sexan os técnicos os que digan o que hai que facer porque é unha cuestión que sae das nosas competencias.

Ímonos abster.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Non querría lle quitar a razón a ninguén nestes temas pero lle vou dicir, Sr. Figueroa, que vai ter que ler o que pon a moción.

SR. FIGUEROA VILA: É que non a lin e xa llo dicía.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Evidentemente. Aquí pon "que polos servizos técnicos do Concello se fagan os estudos pertinentes para determinar o xeito máis conveniente para poderen recuperar as vistas do Castro, A Guía e a Madroa". Que sexan os técnicos porque eu non son xardiñeiro para ir cortar unha árbore, penso que a árbore hai que lle limpar a ramalla, sacarlle o fento e as silvas que ten polo medio e todos eses parásitos que están polo medio e ninguén di que hai que cortar as árbores, ó mellor resulta que hai que

talar unha de cada dez árbores, ¿coma que non, Sr. Viéitez? Eu non digo que hai que cortar todas as árbores polo tronco, por suposto que non, pero digo eu que haberá que limpar toda a ramallada e toda a maleza que hai polo medio porque aínda que a árbore sexa alta se hai unha visibilidade entre unha árbore e outra se pode mirar, se non hai visibilidade non miras nada. Dende logo que non lle vou dicir que escoite a cinta, Sr. Figueroa, pero de cando en vez lea vostede o que se pon aquí.

SR. FIGUEROA VILA: Non teño aquí a moción, falla un compañeiro que era quen ía defendela.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Insisto, porque non é a primeira vez que tratamos o tema e mesmo con coñecemento de causa, en que non hai outra solución. As outras dúas opcións técnicas son moi complexas porque son ou levantar as vistas, ou levantar o miradoiro, non hai outra forma.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, sete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e nove abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, interesando que se fagan estudos técnicos para a recuperación das vistas da ría dende os diferentes miradoiros da cidade que están a desaparecer polo crecemento das árbores, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (131)- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO DAR O NOME DE CELSO RIVAS PÉREZ A UNHA RÚA DE BEADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de maio, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Homes como D. CELSO RIVAS PÉREZ axudaron a que a nosa cidade sexa participativa e solidaria. Os veciños que o tratamos valoramos sempre o seu traballo altruísta, ben feito e ao servizo de todos. Temos coñecemento da petición realizada pola Xunta Rectora da Asociación de Produtores de Cereixas de Galicia de dar a unha rúa o seu nome A solicitude dirixiuse a esa Presidencia o pasado mes de xaneiro e non temos constancia de que se fixera xestión ou proposta ningunha á dita petición. Transcorrido tempo abondo para que se iniciara o expediente que honrara a quen en vida foi nomeado Vigués Distinguido no ano 1994 e tendo en conta que no escrito de petición os que foron seus compañeiros expoñen polo miúdo os seus múltiples méritos, é polo que decidimos facer nosa dita petición e facer a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Dar o nome de D. CELSO RIVAS PÉREZ a unha rúa da parroquia de Beade, que segundo acordo plenario non teña un topónimo anterior ou, de non ser posibel, o da 1ª Travesía de Tomás Alonso."

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Algunhas veces a satisfacción de seren membro desta Corporación permítenos facer estas propostas.

Os que coñecemos e tratamos a D. Celso Rivas Pérez sabemos dos seus méritos. Eu sei que na petición que fixo xente que tivo unha relación máis directa e persoal con el se abonda na súa valoración e pouco máis podo dicir, só que moitos nos honramos por traballar e colaborar con el, é un Vigués Distinguido dos que si o merecían realmente, non dubido de que outros teñan tamén méritos dabondo pero el era unha das persoas que si se entregou a un traballo moi amplo en toda a capa social da nosa cidade e non só na parroquia onde viviu os últimos anos da súa vida, senón noutros puntos máis distantes.

Sempre respectando o acordo deste Pleno de que non se modifique ningunha toponimia, nin nada polo estilo, coido que nesta cidade hai suficientes rúas que se chaman primeiras ou segundas travesías coma para que se poida buscar un lugar axeitado, eu non estou dicindo que sexa Beade, se pode ser Beade mellor pero que polos estudos pertinentes de quen corresponda e pola comisión que teña que pasar, se busque a fórmula de honrar a esta persoa que coido que ben o merece.

SR. SOTO FERREIRO: Para lle agradecer o Bloque a presentación desta moción porque lle fai xustiza a un home que traballou moito e ben, que algúns nos honramos coa súa amizade, que fixo moitísimas cousas pero dende logo na parroquia de Beade algunhas moi espectaculares. Foi el, presidindo a daquela asociación veciñal, o responsable de que se fixera o centro socio-cultural que hai en Beade, entroutras moitas cousas. O seu traballo no tema das cerdeiras de Beade foi inxente e en tantas e tantas cousas.

Coma era un home tan modesto se nos escoitase, Sr. Fernández, seguro que lle daría a tose, a tose de tanto fumar coma fumaba, pero dende logo que nos engadimos emocionados a esta moción e a nós, sen tampouco prexulgar ren, gustaríanos que a súa insinuación fose ata as últimas consecuencias, que fose en Beade.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén imos apoiar esta moción. Eu cando cheguei á Corporación el era desas persoas que estaban en activo no movemento veciñal, eu non tiven moita relación con el pero si hai dous compañeiros nosos doutras Corporacións coma o Sr. Martínez Carrera e tamén o desaparecido Manolo Garrido que tiñan unha profunda amizade con el. É máis, coido que foi unha persoa que á marxe da súa ideoloxía sempre tivo un trato exquisito con todos os membros da Corporación, fosen da cor política ou do partido que fosen e coido que iso evidencia o xeito de ser, o seu carácter, o seu comportamento e merece este recoñecemento, ó mellor con retraso porque coido que esta persoa tiña que o ter moito antes.

Polo tanto o noso Grupo engádese á moción por todos estes motivos e sobre todo falando xa dun xeito partidista polo comportamento exquisito que sempre tivo con todos os membros do noso Partido que coido que foi igual cos outros membros doutros Partidos políticos, á marxe de que el poidese ter unha clara definición ideolóxica. Coido que o seu comportamento coma representante do movemento veciñal foi sempre correcto e un comportamento que coido que todos lembramos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: No nome do Grupo Socialista engadímonos totalmente a esta iniciativa e felicitamos ó Grupo propoñente.

Todos e todas os que coñecemos a Celso Rivas gardamos unha magnífica lembranza del coma persoa, coma veciño e coma líder do movemento veciñal nun momento histórico da cidade de Vigo. Evidentemente merece este

recoñecemento e polo tanto vaia o noso voto a favor e o noso recoñecemento á proposición.

(No momento da votación está ausente a Sra. Molarez Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, propoñendo dar o nome de D. Celso Rivas Pérez a unha rúa de Beade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.-(132).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL QUE ESTUDE A CONSTITUCIÓN DUN ENTE PÚBLICO DE CARA Á XESTIÓN PÚBLICA INTEGRAL DA RECADACIÓN EXECUTIVA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de maio de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"Dende o ano 1994, o Servizo da Recadación Executiva do noso Concello, ven funcionando mercede ao establecemento permanente dunha colaboración, por medio de asistencia adxudicada por concurso.

Dende o noso punto de vista, coidamos que o funcionamento da Recadación Executiva no noso Concello, mercede á dita fórmula, ten sido de alta eficacia. Se ben durante os primeiros anos os resultados foron limitados, pola necesidade de vencer as inercias e os atrasos, nos últimos anos os resultados foron brillantes.

Tales resultados trouxeron como corolario, como é evidente, o aumento da Recadación Voluntaria, que acadou porcentaxes de aumento moi significativas nos últimos dez anos e resultados de eficacia recadatoria moi altos e denantes descoñecidos.

Ao noso parecer, moita responsabilidade nestes resultados teñen as persoas que traballan na Recadación Executiva, pois elas son ao cabo co seu traballo e adicación, o primeiro factor de éxito.

Non menos importante é a propia dirección do conxunto das persoas que realizan o seu traballo na referida dependencia, que en aplicación dunha metodoloxía e dunha organización eficaces, posibilitan o resultado.

Agora ben, a actual estrutura establecida neste Concello por medio do mantemento permanente da colaboración-asistencia dunha empresa privada, parécenos pouco sustentabel no tempo. Ademais o novo marco legal aplicable ao noso Concello, a denominada Lei de Grandes Cidades, contempla novas vías para a atención da Recadación Executiva.

Non menos importante é sinalar a situación dun grupo de profesionais que estan obrigados a unha temporalidade difícil de soportar, un grupo de persoas que sobradamente teñen amosada a súa competencia e adicación.

Por outra banda, o contrato actualmente vixente remata a súa vixencia o próximo 31 de decembro do ano 2006. Compre indicar que á data de finalización do dito contrato, por estar así previsto nos pregos de condicións técnicas e administrativas, a totalidade do aplicativo, enfin, o necesario para seguir realizando o traballo de tan vital dependencia, pasará a mans do Concello de Vigo.

En suma, pola proximidade da data, porque agora si que o Concello disporá de todo o necesario para atender directamente ao servizo, porque hai un equipo humano que responde e porque poderemos realizar o mesmo traballo de xeito máis rendibel para o pobo de Vigo, coidamos necesario que a Corporación inicie, de común acordo, os traballos destinados a poñer en marcha un ente público (axencia, empresa pública ou organismo autónomo) capaz de se facer cargo da Recadación Executiva aproveitando os medios humanos e técnicos dos que agora dispomos. Neste traballo de definición de medios e organización de futuro, ademais dos responsables políticos dos distintos Grupos Municipais, coidamos necesaria a participación do conxunto dos departamentos ligados aos Servizos Económicos (nomeadamente Tesourería, pero tamén a Dirección de Ingresos e Intervención) e dos Servizos Xurídicos.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propon ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

De cara a definir un modelo de futuro para a Recadación Executiva e tendo en conta a proxima finalización do contrato de asistencia actualmente vixente, o Pleno da Corporación acorda a constitución dunha Comisión Especial que, asesorada e coa presenza de Tesourería, Intervención, Dirección de Ingresos e Servizos Xurídicos, estude a constitución dun ente público (organismo autónomo, empresa pública ou axencia) que optimice os medios materiais e humanos que agora xa temos de cara a unha xestión pública integral da dependencia."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 20 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: A Recadación Executiva dende o ano 94 no noso Concello ven funcionando dun xeito particular, por medio de asistencias de apoio, pero tamén hai que dicir que dun xeito profundamente eficiente. Realmente a eficiencia da Recadación Executiva foi "in crescendo" ó longo dos últimos anos e sinceramente teño para min que o modelo adoptado no seu

día, no ano 94 se non me falla a memoria, e que se reproduciu posteriormente deu lugar á resolución dun dos grandes problemas que tiña este Concello no seu día.

Todos seguimos un pouco a mesma tarefa pero en razón das nosas propias responsabilidades nos anos pasados e do coñecemento que temos do funcionamento da recadación, coidamos que é o momento de empezar a discutir entre todos os grupos do que vai acontecer coa Recadación Executiva en decembro do ano que ven que será cando rematen os contratos que están agora vixentes.

Este é un tema que obviamente nós temos discutido en razón da nosa propia responsabilidade pero cremos que é un acordo a adoptar no seu día co máximo consenso de toda a Corporación. Non é un contrato ou un servizo calquera e polo tanto fíxense que sinxelamente propoñemos na moción a constitución dunha comisión específica que empece a discutir con tempo suficiente cal debe ser a solución.

Nós formulamos na moción distintos modelos sen nos pronunciar por ningún, aínda que como poden imaxinar temos as nosas preferencias porque coidamos que é o momento de nos sentar todos os grupo e resolver con previsión de futuro a cuestión da Recadación Executiva.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme que o fondo do asunto está claro, en todo caso na redacción hai algo que me gustaría entender. Supoño que o que pretende dicir o Sr. Toba é que nos tomemos con tempo o estudo de qué tipo de organización se lle dá á Axencia Executiva. Dito isto nun termo amplo paréceme ben; a redacción puidera ser confusa porque parece decidir que sexa un ente público concretamente e ó mellor o ten que ser ou ó mellor non, a nosa inclinación iría por aí, pero xa que se vai facer unha comisión con tempo para o estudar eu non poñería ningunha condición, que se estude do xeito máis amplo posible cal é a fórmula que consideramos máis axeitada. Supoño que ese debe ser o sentido e se é así votaremos a favor.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar quero agradecer ó Sr. Toba a presentación desta moción porque é un tema bastante importante non só para a propia recadación, senón que para as contas municipais en xeral. Efectivamente temos tempo suficiente ata o 31 de decembro do ano 2006 para nolo pensar ben e para decidir cal é o mellor mecanismo para a Recadación Executiva neste Concello.

Vou ser breve porque o Sr. Toba xa fixo unha explicación do proceso, pero coido que o elemento clave que cambia a característica do modelo actual é que o contrato que se podería establecer no futuro é un contrato de servizos e polo tanto a súa duración é moi breve, dous anos máis dous de prórroga, e iso limita un pouco as capacidades da posible empresa que leve a Recadación Executiva. Niso estamos de acordo e polo tanto coido que é un momento moi adecuado para estudar cales son os novos mecanismos que temos que aplicar.

Pero tamén estou de acordo co Sr. Soto, como xa lle dixen ó Sr. Toba, porque coido que debemos de abrir un pouco máis este tema. Estou absolutamente de acordo coa proposta da comisión pero, como pode derivarse do propio texto da moción, non creo que teñamos que o definir previamente senón que o podemos abrir dun xeito máis amplo, coido que iso ademais respecta o espírito da moción que o Sr. Toba presenta e por tanto eu proporía un cambio nun parágrafo que me parece especialmente importante que é "Estudo da constitución dun ente público ou calquera outro mecanismo que optimice os medios materiais e humanos que agora temos para a xestión municipal". Coido que isto non cambia nada o espírito que vostedes propoñen e permítenos facelo dun xeito máis aberto.

SR. TOBA GIRÓN: Imos aceptar a proposta do Sr. Guerra, se tamén lle vale ó Sr. Soto. O termo "ente público" está posto porque a Redacción Executiva só pode residir nun ente público; poderá organizarse dun xeito ou de outro pero só pode residir nun ente público porque na Recadación Executiva radica o principio de autoridade ou sexa que está buscado expresamente por razón de legalidade pero non temos inconveniente en aceptar a proposta de modificación do Sr. Guerra.

Emenda formulada polo Sr. Guerra Fernández, do Grupo municipal do PP durante o curso do debate:

Engadir na parte dispositiva "...dun ente público ou xestión indiferenciada..."

Vótase a moción do Grupo municipal do BNG coa emenda formulada polo Sr. Guerra Fernández.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

De cara a definir un modelo de futuro para a Recadación Executiva e tendo en conta a proxima finalización do contrato de asistencia actualmente vixente, o Pleno da Corporación acorda a constitución dunha Comisión Especial que, asesorada e coa presenza de Tesourería, Intervención, Dirección de Ingresos e Servizos Xurídicos, estude a constitución dun ente público (organismo autónomo, empresa pública ou axencia) ou xestión indiferenciada, que optimice os medios materiais e humanos que agora xa temos de cara a unha xestión pública integral da dependencia.

12.- (133).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO O ARRANXO DOS DETERIOROS DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS E AXARDINAMENTO DO ENTORNO DO LOCAL SOCIAL DA AVV "VAL DO FRAGOSO".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de xuño de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"O local social da Asociación de Veciños de Val do Fragoso e as súas instalacións, son centro de reunión de veciños e veciñas daquela barriada, non só polas propias actividades da Asociación, que tanto contribuen á participación cidadá, á cultura e ao deporte, senon por si mesmo, pola súa situación e a súa potencialidade.

Precisamente por isto, durante o pasado mandato, para dar unha maior utilidade ao conxunto das instalacións, axeitouse unha área de xogos infantís, así como unha zona axardinada.

Lamentablemente, o abandono no que vostedes teñen este tipo de instalacións nos barrios da nosa cidade, a onde non chegan "as flores" e as atencións, xunto co incívico vandalismo, ten dado lugar a un deterioro evidente. Este deterioro ademais, por efecto do abandono, retroalimenta a acción daqueles que practican a destrución do que é de todos e todas.

Pero é que ademais non hai excusa. Recentemente, a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de mantemento de zonas verdes e de áreas de xogos infantís, a dúas empresas distintas. Ditos contratos deberían estar xa en

pleno funcionamento e desenvolvendo os seus efectos sobre a conservación das ditas zonas. Non necesitan vostedes "previsións orzamentarias", necesitan traballar máis e atender ás necesidades de mantemento destas áreas recreativas dos nosos barrios.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propon ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta a esa Alcaldía e ao Concelleiro Delegado correspondente, a dar instrucións aos servizos municipais para atender aos deterioros da área de xogos infantís e axardinamentos que a arrodean e integrar estes mantementos na dinámica de traballo das empresas concesionarias dos servizos denantes citados ou aos propios servizos municipais."

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que todo o mundo coñece a situación do local social da Asociación de Veciños Val do Fragoso, un local que non cumpre única e exclusivamente a función de sede da propia asociación de veciños senón que é un centro de referencia socio-comunitario dunha zona de Vigo densamente poboada. Se facemos unha análise, aproximadamente nun quilómetro e medio arredor non hai local social de ningunha outra caste, polo tanto insisto en que a importancia estratéxica deste local xa ven pola súa propia situación xeográfica.

Producto desta concepción na Corporación anterior entre outras cuestións pareceunos importante dotalo de elementos a maiores que serviran para ese papel que está a xogar, tanto o local como o seu propio contorno e nese sentido fíxose unha actuación de axardinamento e de dotación dun parque infantil porque é un local ó que acude moitísima xente a facer actividades diversas, onde levan ós seus rapaces e que tamén é un punto de referencia en todo o paseo do Lagares que se utiliza moitísimo.

O que temos observado dende xa hai algún tempo pero sobre todo nestas últimas semanas, é un deterioro moi grande producto do abandono e da falla de mantemento destes lugares. Nón nos parece de recibo e non ten ningunha xustificación que non haxa mantemento, máxime cando estamos a falar que as instalacións onde están os xogos infantís é unha responsabilidade municipal directa pola repercusión que pode ter cara os seus usuarios, os nenos e nenas.

Nese sentido insisto en que non lle atopamos escusa de ningún tipo, máxime cando hai uns meses vense de adxudicar mediante concurso o mantemento dos parques infantís e vemos que non ten surtido efecto. Para eses mantementos non fai falla ningún tipo de modificación orzamentaria senón aplicar un concurso que se ven de adxudicar.

O único que pedimos é que se reparen de xeito urxente, porque hai algúns elementos de xogo que están nunhas condicións que representan un perigo físico para os seus usuarios e que se dean as instrucións necesarias para que se acondicione o lugar dignamente e se reparen os desperfectos da zona de xogos infantís.

SR. SOTO FERREIRO: Supoño que na parte dispositiva da súa moción temos que entender o que non di porque se a leo textualmente di "O Pleno da Corporación insta a esa Alcaldía e ó concelleiro delegado correspondente a dar instrucións aos servizos municipais para atender aos deterioros da área de xogos infantís e axardinamentos que a arrodean." Supoño que como antes vostede falaba do Val do Fragoso, etc., refírese a iso.

Tal e como está a moción non nos parece mal. A verdade é que o servizo de Parques e Xardíns ten sido pesimamente atendido por vostede na Corporación anterior e tamén agora mesmo pola concellería correspondente, non facendo todos os esforzos que merecen os parques infantís concretamente.

Parécenos mínima a súa proposta circunscribíndoa á Asociación do Val do Fragoso; todos os demais parques infantís de Vigo ¿por qué non?

Pédimoslle unha engádegas para poder votar esta moción e é que se refira a todos os parques infantís de Vigo. Se non se refire a todos, non imos votar en contra porque isto non nos parece mal pero nos absteremos.

SRA. POLO LIMA: Efectivamente votaremos a favor desta moción pero lle imos poñer claras unha serie de cousas. O mantemento do recinto que rodea a Asociación Val do Fragoso non é municipal, debера manterse polos xestores da propia Asociación. No seu día a petición desta asociación procedeuse á instalación dun parque infantil dentro do recinto descrito co compromiso de que se ía manter e como tal quedou fóra do listado de parques infantís na recente adxudicación á empresa Contener.

Dado que o mantemento é escaso ou nulo procederáse ó correspondente aumento de contrato á empresa de mantemento na actualidade cando exista a correspondente asignación orzamentaria e mentres tanto o mantemento farase con cargo ós medios municipais.

SR. VIEITEZ ALONSO: Só un clarexamento. Esta é unha proposta concreta porque a xenérica coido que se aprobou nesta mesma Corporación hai

aproximadamente seis ou oito meses cando eu aínda non estaba. Pensamos que redundar no mesmo non ten moito sentido, en todo caso que se faga efectivo.

SR. SOTO FERREIRO: Pois se están aprobados todos para qué incidir nun; ou incide en todos ou en ningún.

(No momento da votación está ausente o Sr. Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, :

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Fernández, propoñendo o arranxo dos deterioros da área de xogos infantís e axardinamento do entorno do local social da AVV "Val do Fragoso, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PRECISIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización. Como xa adiantamos todas as mocións que aprobemos e que precisen de consignación orzamentaria, no próximo Pleno imos traer unha modificación de crédito para poder levalas a cabo, por tanto xa anunciamos que no próximo Pleno traeremos unha modificación de crédito para todas esas mocións que teñan que ter consignación.

URXENTES.-

A.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SITUACIÓN DOS VENDEDORES DO MERCADIÑO DA RONDA DE DON BOSCO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de xuño de 2007, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Seis familias viguesas levan xa 8 meses sen poder desenvolver a súa actividade como vendedores ambulantes onde o viñan exercendo, na rúa Manuel Núñez, unha vez que non se lles permitiu por parte do goberno municipal levar a cabo este labor na devandita ubicación. Temos que lembrar que estes vendedores/as tiñan recoñecido na ordenanza do 27/12/95 o mercado habilitado conxuntamente con Bouzas e Coia.

Estes vendedores amosaron sempre unha actitude de diálogo e mesmo teñen no seu poder un escrito do presidente da Asociación de Comerciantes da rúa do Príncipe onde se pon de manifesto que a ubicación que ocuparon non molestaba a ninguén. Por se isto fora pouco acaban de presentar no concello máis de 8.000 sinturas de apoio ás súas xustas reivindicacións.

Parécenos un contrasentido que agora que se trata de regularizar a situación dos vendedores de Samil e buscarlles solucións, algo que nos parece ben, non se faga o mesmo con estas seis familias que levan xa oito meses sen poder traballar.

O pasado día 17 de xuño presentáronlle a Alcaldesa un escrito onde presentaban dúas propostas que poderían solucionar o seu problema; propostas que nos parecen totalmente axeitadas e que pensamos que esixen do goberno unha rápida contestación positiva.

Por todo o exposto propoñemos o seguinte acordo:

O goberno municipal, no prazo dunha semana, terá adoptado unha solución a este problema de acordo cos vendedores do mercadiño Ronda de Don Bosco."

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Para argumentar a urxencia dicir que no penúltimo Pleno do 25 de abril fixen un rogo, Sra. Alcaldesa, relativo a este tema, pasaron dous meses e segue sen se solucionar. Coido que é suficientemente urxente que seis familias da nosa cidade leven oito meses sen poderen traballar.

VOTACIÓN DA URXENCIA: TODOS A PROL.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coma dicía o 25 de abril eu fixen un rogo encarecendo á Sra. Alcaldesa para que o concelleiro ou concelleira a quen lle correspondera dera unha solución a un tema que ten nestes momentos a seis familias sen poderen traballar dende hai oito meses.

Na propia Ordenanza do ano 95 do Concello recoñécese a regulación da venda ambulante e os mercadiños de Coia, Bouzas e Ronda de Don Bosco, lugar onde estas familias desenvolvían o seu labor. Cando se inician as obras de remodelación de toda a Ronda de Don Bosco, Progreso e demais a estas familias se lles bota, se lles di que teñen que abandonar o lugar, cousa

que fan e trasládanos a Manuel Núñez. Nestes momentos non se lles permite a venda ambulante nese lugar e a nós nos parece que en todo caso non molestaban absolutamente a ninguén, mesmo hai unha carta asinada polo propio Presidente da Asociación de Comerciantes onde di que eles en principio non se opoñen a esta localización e en todo caso, logo de dialogar con estes afectados, están nestes momentos nunha situación, coma xa dicía naquel Pleno, de absoluto talante dialogante, queren chegaren a un acordo porque nel lles vai loxicamente a súa supervivencia económica, mesmo estaban disposto e así mo dixeron a ver o xeito de igualar os postos para que non afeen e mesmo a dialogar e buscar outras localizacións.

O que nós pedimos nesta moción é algo tan sinxelo coma que no prazo dunha semana o Goberno municipal chegue por fin e definitivamente a un acordo con estas persoas.

Parécennos moi ben os esforzos que este Goberno está facendo para regularizar ós vendedores ambulantes de Samil e poñerlles un espacio mellor e non nos doen prendas en dicir que nos parece ben ese esforzo, pero coido que non se poden facer eses esforzos só para quedaren ben e que luzan se non atendemos tamén e aínda que sexan poucas ás seis familias que, repito, pola propia Ordenanza municipal tiñan recoñecido o seu dereito para efectuar esta venda.

O BNG xamais estará de acordo coa venda ambulante non regulada e por iso quero recalcar que neste caso estamos falando de seis familias que xa viñan desenvolvendo ese labor recoñecido por unha ordenanza e polo tanto coidamos que é urxente que dunha vez por todas se senten a negociar e se chegue a un acordo.

Xa saben vostedes que mesmo coa moción non queremos incidir en ningunha outra cuestión senón que o único que dicimos é que, xa que estamos entrando na época estival, época importante para estas vendas, o Goberno municipal no prazo dunha semana teña adoptada unha solución de acordo con estes vendedores.

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que sería difícil non estaren de acordo cunha proposición tan aberta e suave coma a que fai o Bloque. Nós por suposto imos votar a favor pero queremos ir un paso máis aló na reflexión do fondo do tema, Sra. Alcaldesa e queremos facelo para compartir tamén a declaración do Voceiro do Bloque.

Nós estivemos, estamos e estaremos en contra da venda ambulante indiscriminada, coidamos que iso é pan para hoxe e fame para moita xente cara o futuro e somos conscientes de que iso xamais é unha operación na que deba haber ningún tipo de permisividade. Outra cousa é recoñecer un feito social e é que durante unha chea de anos por culpa de toda a sociedade, incluído quen fala, por suposto, hai estes seis e non sei se dous ou tres máis en todo Vigo, uns oito ou coma moito dez casos que levan moitos anos cun medio de vida determinado. Dende logo o lexislador sempre atende ó fondo do tema para resolver o caso; resolver eses casos de non sei cantos anos é unha cousa e permitir vendas ambulantes indiscriminadas é outra. Polo tanto coidamos que hai que discernir perfectamente, coma xa facía o Voceiro do Bloque, esas cuestións.

Ademais hai que o facer en varios sentidos que queremos apuntar: non só non nos parece ben a venda ambulante indiscriminada, tampouco nos parece ben a venda ambulante de mercadorías non legais e déixenmo dicilo claro porque tampouco sería soportable que permitamos un negocio transitorio, provisional ou coma queiran chamarlle, á porta doutros que están vendendo mercadorías legais cun incremento de valor que lles fai imposible a competencia.

Como citaba tamén o Sr. Domínguez, o aspecto dos postos non poden seren chiringuitos, dito con todos os respectos, de paos, arames e plásticos; o Concello debere intervir nisto.

Terceiro: o Concello tampouco ten porqué se atar as mans defendendo os seus dereitos, deberan seren permisos en precario porque hoxe non o sabemos pero dentro dalgúns anos podera haber non sei qué problema e poderémoslles dicir que socialmente lles queremos resolver o problema pero que se non pode ser nun lado ten que ser noutro.

Tamén lle queremos dicir que independentemente desas cuestións os postos afectados terían que pagar as taxas e impostos municipais correspondentes, é dicir, pedimos legalidades dende todos os puntos de vista para esta situación.

Pero ditas todas estas caucións, todas estas parénteses das cousas que serían implementar nese acordo que moi ben apuntaba o Sr. Domínguez, o fondo do tema é que neses casos concretos, que a sociedade viguesa no seu conxunto permitiu ata agora, non queiramos arranxar o problema meténdolle un taxazo porque eses non son arranxos, Sra. Alcaldesa.

Tampouco parécenos ben que o Concello abxure en ningún sentido das súas responsabilidades. A min non me gustou, tamén o critico publicamente, que aínda que comprenda o magoadas que se poidan sentir nun momento determinado algunhas persoas non comparto, dígoo publicamente, que vaian amolar e berrar a señores que teñen os seus negocios legalmente establecidos, non comparto esas actitudes, pero tampouco comparto as do Goberno municipal sinalando por debaixo da mesa a uns culpables porque iso é inducir cara onde deben ir protestar. O Goberno municipal ten que asumir as súas responsabilidades e dicir en primeira persoa se autoriza ou non sen implicar a ningún outro comerciante. Son vostedes os que teñen que asumir as responsabilidades e aínda que eu non son Goberno municipal estou dicindo claro e alto qué medidas asumiría o Partido Galeguista para tomar decisións neste campo e dende logo a súa, que é non facer nada nestes temas concretos, non a compartimos en absoluto.

Polo tanto non só nos engadimos ó dito polo Sr. Domínguez senón que lle facemos unhas reflexións seguramente mellorables coas súas ou coas dos outros Grupos e, nesa dirección, eses casos concretos que hai na cidade de Vigo son os que deberamos resolver porque iso tamén nos daría a lexitimidade moral para lle dicir a outros que existe unha ordenanza e unha lexislación que hai que cumprir no sentido máis claro dos termos en que se estableceza.

SR. FIGUEROA VILA: Seguramente que sobre estes temas cada quen ten unha opinión e se se trasladan á opinión pública mesmo podemos compartir as posicións de todos os Grupos e o que se acaba de manifestar aquí, pero a min me gustaría facer unha reflexión moito máis profunda.

Primeiro, queredría felicitar ó compañeiro que é Concelleiro de Tráfico, Sr. Coello, polo magnífico traballo que está facendo non só en tema de tráfico e seguridade senón en todas estas cuestións porque é a primeira vez na cidade de Vigo que se está regulando dun xeito responsable e serio a venda ambulante. Digo isto polo éxito que está tendo agora mesmo o tema de Samil, só fai falla ir por alí unha mañá ou unha tarde e un recibe unha importante cantidade de felicitacións porque aquel paseo estaba totalmente invadido e agora se tomou unha decisión acertadísima que coido que é un exemplo a seguir cara ó futuro de regulación de venda ambulante.

Isto evidentemente faise cun traballo de meses e tanto o Sr. Coello coma a Sra. Polo estiveron traballando durante seis meses para que se tomase unha

decisión correcta e ó mesmo tempo existise un alto grao de satisfacción tanto nos usuarios da praia coma nos propios vendedores ambulantes.

En canto á moción de Manuel Núñez, o que non pode entender a cidadanía é que se se fai un investimento importantísimo na nosa cidade, unha mellora das beirarrúas, estase humanizando a cidade, estanse facendo zonas peatonais, estase tentando mellorar todas as beirarrúas de Vigo, que se sega facendo mercadiño no centro da cidade.

A demagogia do Sr. Soto é moi grande: vostede fala dos comerciantes. Eu fun Concelleiro de Comercio e a maior crítica que tiña a cotío cando chegaba á Concellería era que os comerciantes estaban chamando continuamente para dicir que non querían a venda ambulante, con escritos, denuncias, por medios de comunicación, presións sociais, etc. Iso é real non o agachamos; as persoas que vostede pon coma exemplo foron as persoas que estiveron continuamente todos os días tentando que non se producira a venda ambulante diante dos seus comercios nin en zonas céntricas da cidade.

Pero logo cando o Goberno toma unha decisión non temos o apoio deses comerciantes, senón que se agachan e tentan boicotear a solución que toma o Goberno. Esa é a realidade nos guste ou non, Sr. Soto.

Pero é importante falar doutra cuestión: ós vendedores de Manuel Núñez se lles deron varias alternativas, mesmo hai aquí unha escrita dos comerciantes da zona Príncipe que lles leo: "Entre as solucións que se propuxeron atópanse as de colaboración na promoción e publicidade do mercadiño e a de localizar e alugar un local no que poidan exercer a súa actividade, facéndose cargo a Asociación dos gastos durante os primeiros meses". Estes señores dixeron non a esta alternativa, queren unica e exclusivamente estar en Manuel Núñez e o Goberno non está disposto a que estean en Manuel Núñez, si a buscaren alternativas pero ¿por qué Manuel Núñez e non a baixada á Gran Vía, ou a Alameda, ou As Travesas, ou Progreso? Temos que seren todos serios e responsables porque mañá virá outro grupo de persoas que se queiran instalar tamén no centro da cidade, en pleno Príncipe.

Iso é o que non pode ser. Déuselles unha alternativa nas Travesas e agora o Goberno está disposto a buscar alternativas pero non en Manuel Núñez e se a condición que poñen única e exclusivamente é que sexa en Manuel Núñez o Goberno vai dicir que non porque coida que a postura é a correcta, a seria, a responsable e é o xeito de tentar erradicar a venda ambulante do centro da cidade. ¿Por qué non aceptan a proposta dun local ou doutra zona?

Propuxémoslles tamén a zona da Praza do Progreso e dixeron que non. Evidentemente que nós o que non podemos é deixar que a venda ambulante se concentre no centro da cidade porque non sería bo.

Polo tanto nós estamos dispostos a volver reunirmonos porque non é certo que non se fixera ren, non se fixo ren na dirección que eles pretenden: que única e exclusivamente sexa Manuel Núñez. Xa se lles dixo que Manuel Núñez non; buscóuselles a alternativa de As Travesas, pódense buscar alternativas en Samil, pódense buscar outras alternativas e ir ampliándoas ós poucos. Esas son as solucións que está tentando dar o Goberno pero se nos atopamos cunha postura enfrontada que di rotundamente que non e que só queren un lugar pois evidentemente non hai saída e iso é o que se está producindo nestes momentos.

O Goberno tivo varias reunións con estes vendedores ambulantes, tentouse buscar alternativas, de feito estiveron en As Travesas durante o Nadal e coido que temos que seguir buscando posibles solucións pero evidentemente ó que non estamos dispostos nós é a apoiar unha moción que diga claramente que ten que ser Manuel Núñez, Sr. Domínguez Olveira. Estamos dispostos a reunirmonos con estes vendedores ambulantes, a buscar alternativas inmediatamente, en cuestión de horas ter unha próxima reunión pero imos buscar alternativas para que non teña que ser a do centro da cidade.

Coido que esas son as opcións que agora mesmo nos estamos formulando e todos vostedes teñen que comprender que a venda ambulante evidentemente prexudica dun xeito claro a aquelas persoas que están establecidas. É certo que tamén a estas persoas se lles pode ir buscando solucións e estamos facéndoo porque o exemplo de Samil é claro. ¡Claro que os vendedores non se querían mover do paseo! Por suposto que se a un se lle dá coma primeira alternativa a do paseo, piden o paseo porque están en primeira liña de praia, pero coido que agora mesmo empezan a estar xa satisfeitos os que están alí.

Eu recomendaríalles a todos os Corporativos que vaian porque se coñecían Samil e o miran este verán, non ten absolutamente nada que ver, parece unha praia totalmente distinta e iso maniféstano os propios cidadáns que utilizan a praia de Samil a cotío. Coido que é un exemplo porque o paseo está limpo, está libre, nas debidas condicións, a xente pode pasear e os vendedores ambulantes seguen facendo o seu negocio porque agora están establecidos nunha zona determinada que mesmo é certo que se pode ir

mellorando a modiño e ano a ano, seguramente dentro duns meses estará mellor e para o ano moito mellor.

Estes vendedores ambulantes de Manuel Núñez pódense incorporar tamén a estas zonas e haberá que ver se hai a posibilidade de instalalos noutros mercadiños da cidade para que poidan ter a súa actividade non só durante a época estival senón tamén durante o inverno. Ese é o compromiso que adquire o Goberno que xa o propuxo, xa se tiveron varias reunións e puxéronse alternativas enriba da mesa.

Dende o Goberno e en base a esta moción estamos dispostos a reunírmonos novamente con estes colectivos pero tamén queremos que os Corporativos entendan e comprendan que esta situación non é doada nin ten unha alternativa ou unha solución fácil. Polo tanto nós imos seguir nesa liña de traballo. Coido e repito novamente que dende as Concellerías correspondentes se está facendo un magnífico traballo, teño que felicitar ó meu compañeiro porque ademais tiven esa responsabilidade e non fun quen de buscar alternativas e solucións coma se está facendo agora porque é certo. En Príncipe durante o Nadal, durante todo o ano non hai venda ambulante, na baixada da Gran Vía de cando en vez hai algún esporádico.

Coido que se está dando un exemplo de cidade ordenada que é o que queremos todos os cidadáns, de que hai unha política responsable, que non se está tentando perseguir absolutamente a ninguén, que se están buscando alternativas, pero se se dan tres ou catro alternativas e para estes vendedores ambulantes a única posible segue a ser Manuel Núñez, o Goberno non está disposto e témolo que dicir claramente para que non haxa malos entendidos.

Repito novamente: o Goberno non está disposto a que os vendedores ambulantes se instalen nin en Manuel Núñez nin no centro da cidade; está disposto a buscar posibles alternativas dentro do municipio de Vigo e posibilidades para que estas persoas (nós tamén temos sensibilidade coma calquera outro Grupo) poidan seguir tendo un medio de vida, coido que iso é o que se formula.

Eu vivín moitas situacións dese mercadiño, tamén persoais e mesmo de relacións entre os propios comerciantes que tiñan a titularidade dese posto, que logo o cedían, non o cedían, etc., coñezo perfectamente esa situación.

Nós imos seguer buscando alternativas pero tamén queremos ter a comprensión da Corporación porque esta é unha cuestión de medio e longo prazo e hai que ir buscando respostas ás demandas que presentan os propios cidadáns.

Sr. Soto, dígolle novamente o dos comerciantes porque coido que cando se tenta presionar ós gobernos para que busquen solucións e cando istes dan solucións e alternativas un non pode dar marcha atrás e agacharse porque entón é imposible facer cidade entre todos; é imposible comprender a actitude dun gobernante cando hai centos de escritos deses comerciantes tentando que se erradique a venda ambulante, non é que haxa un, nin dous, senón que hai centos de escritos dirixidos a distintas Concellerías, ás Alcaldías correspondentes que non só á nosa Alcaldesa senón tamén ós anteriores Alcaldes; denuncias continuas nos medios de comunicación sobre que é unha vergoña, unha insensatez, incomprendible que estean aí os vendedores ambulantes.

Cando se busca unha solución e téntase dar alternativas non se pode dar marcha atrás e agacharse. Dígoo así de claro aínda que dicir isto non sexa politicamente correcto pero o hai que dicir porque eu sufrín esas consecuencias e supoño que outros compañeiros meus e algúns que foron Alcaldes e que están aquí tamén. Para facer cidade entre todos hai que seren serios e se damos un paso cara adiante non retroceder catro para atrás. Coido que iso é o que estamos facendo neste Goberno dentro da sensibilidade que hai que ter con estas persoas.

Nós dicimos claramente que estamos dispostos a sentármonos e negociar e buscar alternativas pero ó que non estamos dispostos é a que nesta cidade impere a desorde, que non teñamos unha cidade ordenada, para seren habitada por todos e cuns servizos acordes co que pedimos.

Diante desta porta houbo manifestacións polos temas de pirateo de discos, CDs e outros e algúns membros da Corporación criticaron que o Goberno non actuase ¿Onde está o punto de equilibrio, o punto intermedio? ¿persegueamos iso? O Sr. Guerra dicíame agora que el dono dunha marca e que lle custa non sei cantos millóns ó ano o pirateo.

Coido que temos que seren todos un pouco máis sensatos e cando se adoptan medidas que van a favor da colectividade e de todos os cidadáns temos que seguer dando pasos. É certo que hai aí unhas familias coas que todos temos que tentar seren sensibles, imos selo pero sen dar marcha cara atrás coas medidas que tomamos. Esa é a postura do Goberno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Menos mal que rematou porque xa iamos falaren de internet e de non sei que outras cousas.

Está claro que vostedes todo o fan ben, está claro dende o seu punto de vista evidentemente. Na súa intervención coido que se pasou o 60, 70 ou 80% autofelicitándose polo que están a facer. Paréceme moi ben que axude a subir as súas autoestimas, iso é importante, pero tranquilo que nós xa dixemos ó principio que nos parece ben esa medida en Samil, tranquilos por iso porque o BNG sempre vai recoñecer, as cousas que se fan ben aínda que estea na oposición.

Para que unha cidade estea ordenada non só hai que, como din vostedes, limpar ou sacar das rúas do centro aquelas cousas que poden molestar. Para que unha cidade estea ordenada temos que ordenar fundamentalmente o medio de vida dos cidadáns desta cidade. Unha cidade ordenada e unha cidade vertebrada é a que permite a igualdade de oportunidades dos seus veciños e veciñas e a que permite que aquilo que por lei está recoñecido se cumpra.

Vostede en toda a súa intervención esquécese dalgo que é moi importante: que estes vendedores marcharon do seu sitio, de onde tiñan recoñecida a súa actividade, por lle prestar un servizo á cidade porque era a cidade a que facía esas obras de remodelación que nos parecen ben e parécenos ben que nese momento se tomara a decisión de darlles outro lugar. Iso vostede esquécceo.

Cando vostede fala de piratería ou de non sei qué... non se trata diso. Por suposto e estou de acordo co Sr. Soto en que hai que lles esixir a estes vendedores que paguen as súas taxas e impostos, que non teñan mercadorías ilegais, falsificadas e demais; por suposto que si pero un goberno municipal que quere ter a cidade ordenada ten que lles dar a oportunidade a estes vendedores de que segan realizando aquela actividade á que teñen dereito.

Vostede di que o Goberno definitivamente di non a Manuel Núñez; evidentemente que vostedes teñen a potestade. En principio paréceme unha actitude con algo de prepotencia e sobre todo cando se está discutindo unha moción (Sr. Figueroa, debe ser a segunda que tampouco le) na que en ningún momento eu digo que sexa Manuel Núñez e vostede xa con prepotencia contéstanos que o Goberno di que Manuel Núñez non. Polo tanto se se vai negociar con prepotencia con 4-6 familias que teñen o seu modo de vida aí, é lóxico que con prepotencia ó mellor sexa máis difícil chegar a ningún tipo de acordo.

Eu o único que lles pido é que se pode ser mañá mesmo se senten con estes vendedores, que nos digan publicamente a toda a Corporación cales son as súas propostas e se non hai acordo cales son as deles. Se non se poñen de acordo decidamos entre toda a Corporación pero solucionémoslles o problema. Convóqueos vostede mañá, digannos cales son as súas propostas e os vendedores que nos digan as deles e se non chegan a un acordo e se vostede acepta isto eu poño ó Bloque por diante para que decidamos entre toda a Corporación, pero claro que se acepta isto que sexa aceptando esa resolución.

Xa está, mire que fácil, que vostedes nos digan as súas propostas, que digan as dos vendedores, a Corporación decide e vostedes aceptan o que decida a Corporación. Así estaríamos solucionando o problema de seis familias desta cidade.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar, sorprendeume para ben a proposta do Voceiro do Bloque, acéptoa e engádome a ela, e déixeme dicirlle un par de argumentos polo camiño, Sr. Figueroa.

O fácil, o que fai calquera é cortar pola parte máis débil, iso pódeo facer calquera.

Demagogia na súa intervención de principio ó fin, cando vostede ten unha covardía infinita para gobernaren e lle manda vendedores e dous comerciantes determinados, iso si é demagogía e dunha covardía infinita, non teñen carácter para gobernar, están facendo goberno de pancarta e de flores; fale vostede outra media hora e a min déixeme cinco minutos, agora ben, que non fale ó mesmo tempo ca min, se non lle importa, Sra. Alcaldesa.

A PRESIDENCIA: Ten vostede a palabra.

SR. SOTO FERREIRO: Vólvolle dicir e cónstame que algúns de vostedes lles dixeron que os culpables eran "fulano e mengano" que pedían isto. Eu nunca falo gratis.

Polo tanto esa é unha actitude de goberno covarde porque vostedes teñen que dar a cara e responsabilizarse do que deciden coma estamos facendo os demais aquí.

Asuma o que lle está dicindo o Sr. Domínguez. A proposta do Sr. Domínguez non pode ser nin máis ponderada, nin máis moderada, non lle di ren de que o lugar sexa aquí, alá ou acolá en ningún sentido e vostedes están poñendo o

carro antes dos bois, por algo será; ó mellor como coido que se deduce da súa intervención porque teñen o prexuízo de que ten que ser o que vostede diga exclusivamente. Ben, pois ó mellor é o que vostede diga hoxe ou será o que diga a Corporación hoxe ou mañá porque tampouco sei o que farán os demais e vostede fará o que lle pete, pero resolvan isto dunha maneira axeitada.

Marqueille dúas fronteiras moi claras para nós: diferenciar ós vendedores que levan aí moito tempo porque todos, vostede e eu, temos a responsabilidade de solucionar este problema, é de seu e de meu e non se pode dicir iso de que "vostede fóra, estivo aí pero agora non". Esa non é a solución na opinión do Partido Galeguista. Hai que saber ponderar para xulgar e resolver e vostedes non o fan para nada.

É certo que hai propostas aí que poden parecer importantes, poden pero ¿o son? Un exemplo que citou vostede, eu coñecía ese dato pero foi vostede quen o citou: cedémoslles un local e pagamos nós os gastos. ¿E se non se senten capaces de facer ese tipo de comercio coa responsabilidade de alugar un local con todo o que iso comporta? Dirá vostede que se non se sinten capaces que non fagan nada, esa é a súa solución pero nós coidamos que ten que haber fundamentalisimamente comerciantes de local, non somos partidarios da venda ambulante e somos partidarios de que o goberno municipal asuma a súa responsabilidade e non escudándose nos comerciantes. Claro que os comerciantes mandaron centos e centos de escritos ¿cómo non? Non sei cómo lle sorprende iso, claro que o fixeron pero non fale vostede do comerciante "A" ou do comerciante "B", fale dos comerciantes.

Vostede preguntábase ónde está o punto de equilibrio. Tome o punto de equilibrio que lle pete, nós dicímoslle claramente que non estamos dispostos a acubillar situacións ad libitum nin de futuro pero as que hai xa dende hai moitos anos, por consentimento do conxunto da sociedade viguesa si deben ter unha solución máis xusta ca de que "váíase vostede e fóra". Nós non estamos dispostos a apoiar esa solución e se vostedes non dan unha solución razoable engádome á proposición do Sr. Domínguez e se tampouco aceptan esa van ter, non sei por parte dos demais, pero dende logo mocións abondo do Partido Galeguista sobre este tema.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo non está disposto a aceptar ningunha lección de ninguén.

Sr. Soto, moléstame tremendamente dicir isto e sabe que lle teño un profundo respecto persoal pero isto é política: vostede cando foi Alcalde desta cidade actuou coa policía na rúa do Príncipe e se quere sacamos as hemerotecas; levantou a todos os vendedores ambulantes a paos, polo tanto non dea leccións absolutamente a ninguén porque iso está na historia desta cidade; vostede, sendo Alcalde desta cidade levantou a paos a todos os vendedores ambulantes coa policía en pé e de fronte. ¿É ou non é certo? Sácolle as hemerotecas porque as estudei perfectamente, teño os recortes de prensa e voulos enviar a vostede, os recortes dos enfrontamentos entre a policía e os vendedores ambulantes nun Nadal.

Esa é a primeira cuestión e polo tanto leccións de ninguén porque máis sensible que este Goberno para tratar este tema hai poucos, xa non digo que o que máis pero polo menos tanto e ó nivel do que máis.

A segunda cuestión é porqué dicimos nós que Manuel Núñez non: porque non queremos enganar absolutamente a ninguén, temos claro que Manuel Núñez non é alternativa, non é a solución e por iso dicímolo, non é nin prepotencia, nin arrogancia, é crer no que estamos facendo porque coidamos que a medio e a longo prazo dará o seu resultado, estamos totalmente convencidos ó igual que pasou en Samil, igual que están ordenados os mercadiños de Coia, de Bouzas, etc., estou totalmente convencido de que imos chegaren a un acordo con estas persoas, o que pasa é que a única alternativa que presentan estes vendedores é a do centro da cidade e aquí temos os escritos, non nos estamos inventando absolutamente nada. Un escrito di: rúa Manuel Núñez, outro di que trasladar o mercadiño á Porta do Sol, ¿estaríamos de acordo en levar o mercadiño á Porta do Sol? Supoño que non ¿Á Praza dos Reis Católicos na rúa Urzáiz? Supoño que tampouco.

Estas son as tres alternativas que formulan estes vendedores ambulantes, dáselles unha cuarta, se lles di que por parte dos comerciantes e co apoio do Concello estamos dispostos a alugarlles un local e mentres non teñan os cartos suficientes para sufragar eses gastos, facer aportacións por parte do Concello e dos comerciantes e din que non. Puxémoslles a alternativa da Praza do Progreso e dixeron que non, estámoslles dando a alternativa de Samil e as dos demais mercadiños, xa veremos qué contestan. Coido que lles estamos dando alternativas e ímoslles seguer dando pero o que non se pode é dicir que queren os mercadiños na rúa do Príncipe. O Goberno non está disposto a iso porque nesa zona vaise facer unha reforma e vanse integrar

Manuel Núñez, Colón, Urugai e todas esas beirarrúas e nós non estamos dispostos a esa alternativa.

Reunirémonos con eles e darémoslles as alternativas que estean enriba da mesa para lles dar solucións. Nós queremos que eses señores segan vendendo e tendo o seu medio de vida, témolo perfectamente claro o que pasa é que hai alternativas ás que non se pode dicir que si porque senón non seríamos coherentes coas políticas que estamos aplicando.

Miren vostedes, en Samil absolutamente ninguén se quería mover do paseo pero ¿saben que pasaba en Samil? Porque ó mellor vostedes non coñecen a realidade, cando eu fun Concelleiro de Comercio déronse 66 prazas para o paseo de Samil, eu fun o responsable diso e os domingos había perto de 150 porque aquelas persoas de Ourense, de Lugo, da Coruña que non tiñan mercadiño viñan Vigo a venderen, ¿a que vostedes non sabían iso?

Coido que se ordenamos todo ó final os resultados serán bos para todos os que están instalados na nosa cidade. ¿Qué pasa no Nadal? No Nadal Príncipe estaba con 40 ou 50 persoas, Urzáiz con outras 20 ou 30, Gran Vía igual. Iso quere dicir que durante os meses do Nadal e nas temporadas altas no centro da cidade había 100 postos de mercadiño que ninguén controlaba. Esa é unha realidade social, esa si que é a realidade social ¿ou é que non a entendemos?

Xa verán vostedes coma a medio prazo os vendedores ambulantes de Samil van felicitar a todos porque van ter un negocio estable a medio e a longo prazo, non lles van vir os de fóra se temos un control, non van vir os de Ourense ou os de Lugo ós que non lles deixan facer venda ambulante, non van vir os de Portugal, etc. Esa si que é a realidade social.

¿Vostede nunca foi por Samil e mirou botellas de butano, facendo churros sen ningún tipo de seguridade nin nada? ¿Cómo estaba o paseo? ¿Quen o utilizaba? Pois agora esas 40, 50, 60 ou 70.000 persoas que van todos os días a Samil poden disfrutar dese paseo, os vendedores van ter un negocio estable a curto, medio e longo prazo e van ter a seguridade de que van ter o apoio dun Goberno e dunha Corporación. ¿Onde está o éxito dos mercadiños de Bouzas e Coia? Na regulación, na ordenación, ou ¿é que todos nos esquecemos do que pasaba hai poucos anos en Bouzas e Coia? Era un desorde permanente. Iso é o que estamos facendo.

Sr. Domínguez Olveira, dígolle de verdade que isto si que é un éxito da política social, chámase éxito e dígollo claramente ós responsables tanto das directrices que marcou a Alcaldía coma de Antonio Coello e Marisol Polo

que foron os que traballaron, é un éxito rotundo que logo de vinte anos se estea regulando a venda ambulante dun xeito serio nesta cidade e coido que sábeno todos os cidadáns.

¿Qué temos un problema con seis familias? Pois o imos resolver, estou de acordo con vostedes, imos coller a mensaxe e ímolo resolver pero que saiban esas seis familias que en Manuel Núñez non pode ser, téñense que mentalizar que hai que buscar outras alternativas. Pode ser Samil. Pode ser tentar falar cos mercadiños de Bouzas e Coia e buscarlles un lugar porque o Goberno coida que é unha prioridade, temos posibilidades de acadar isto. Ó final se están os tres meses de Samil completos e logo temos a possibilidade de tres mercadiños durante a semana, dame a min a impresión que por parte do Goberno non os deixamos tirados. Pero coma comprenderá non é prepotente nin arrogante dicir que non no centro da cidade, coido que non, Sr. Domínguez Olveira.

Así o dicimos porque non os queremos enganar, porque queremos que se vaian mentalizando de que hai que buscaren outras alternativas.

Nós recollemos o espírito da moción e pódolle asegurar que esta semana algún responsable do Goberno reunirase con eles e daralles unhas posibles alternativas. Tampouco desbotamos a possibilidade dun local no centro da cidade porque ademais aquí si que queren colaborar os comerciantes e o Concello, se ten que dar un pulo a esta situación, tamén o vai dar coma o está dando no mercadiño de Samil. Coido que o Concello tamén está para dinamizar e tentar potenciar políticas que poidan ter futuro a curto, a medio e a longo prazo que é coma temos que traballar.

Iso é o que imos facer e por suposto que imos votar esa moción, imos reunirmonos esta semana, en cuestión de horas, un responsable do Goberno con eles e ímoslles propoñer as alternativas que temos enriba da mesa. Iso é o que vai facer o Goberno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi brevemente. Afortunadamente logo dos minutos de publicidade e telediario chegamos ó concreto, ben.

Non debemos estar discutindo sempre de políticas e de sensibilidade porque a min o que me interesa, nós estamos aquí para lles buscar solucións ós problemas da cidadanía, para iso é para o que estamos aquí e non para nos tirar os trastos uns ós outros e veren quen ten máis ou menos sensibilidade, non. A cidadanía quere que solucionemos os seus problemas e polo tanto se vostedes votan a favor desta moción e coido que os demais

Grupos así o farán, queda enriba da mesa o que eu dicía ó principio: se non chegan a un acordo díganos publicamente cales eran as súas propostas, díganos cales eran as deles e o Bloque non ten ningún problema en que a Corporación decida unha solución.

Coma somos os responsables públicos de todos os vigueses, se hai unha solución maioritaria de toda a Corporación que tampouco lles serva ós comerciantes, haberá que dicir evidentemente que non pode haber ningún acordo. Pero se non se poñen de acordo vostedes que nos trasladen as peticións duns e dos outros e que decidamos a Corporación pero, por favor, fáganno xa pronto e que no vindeiro Pleno non lles teñamos que lembrar isto novamente, sinxelamente por favor.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, hai alusións personais do seu Voceiro e se non lle importa vou respostar.

Sr. Figueroa, vostede está tan pluriempregado politicamente que non dá feito a ler papeis e xa se lle nota. Notóuselle nunha moción na que se abstiveron porque dicía o que vostede dicía que debía dicir, pero coma dixo que non a lera abstivéronse. Fantástico.

Agora chega outra moción, a do Sr. Domínguez Olveira, e pásalle tres cuartos do mesmo, está falando de Manuel Núñez ou de non sei qué, cando para nada se cita en ningún lugar nesa moción. Tampouco leu a moción. Ademais diso, Sr. Figueroa, tampouco leu vostede a última proposición dos vendedores que estaban en Manuel Núñez e entón ¿coma está entrando no fondo dun tema do que non ten nin idea?

Eles si que falan de solucións alternativas que lle poden gustar a vostede ou non, pero non das que dixo vostede, outras diferentes ou ¿é que me mandan a min e ó Partido Galeguista uns escritos e a vostedes outros diferentes? Pasa que algúns asumimos isto coma un traballo serio e responsable para veren todos e cada un dos temas coma cómpre, pero vostedes polo que vexo non, vostede persoalmente, o Voceiro do Grupo Popular.

Déixeme dicirlle outra cousa por se coidaba que me ía escapar con estes argumentos doutras situacións: asumo todas as responsabilidades que teña que asumir de cando fun Alcalde de Vigo, absolutamente todas. Temos unha policía exemplar e se pasara unha cousa desas seguro que a culpa non foi da policía.

Acábolle de dicir que nunca apoiaría unha venda ambulante indiscriminada e polo tanto eu non falo "barato" coma fai vostede moitas veces aprobando

mocións que lle dá igual porque total non as cumpre. Eu falo en función do que honestamente creo e traballo honestamente polo que digo. Polo tanto se agora lle digo, estando aquí na oposición, que eu non permitiría a venda ambulante tampouco na medida en que souben e puiden permitina sendo Alcalde, por suposto. Ademais non só non me arrepiño, senón que me enorgullezo.

Sobre a demagogia dos paos ou non tamén lle vou dicir publicamente que a instrucción que coma Alcalde de Vigo lle din á policía municipal, voulla dicir aquí publicamente e eles saben que é certo, di isto un Alcalde que lamentablemente tivo que tomar medidas sancionadoras -aínda que foi unha absoluta excepción- contra algún policía municipal que se extralimitou nas súas funcións nun momento determinado, pero a instrucción era tan clara coma esta: por favor, esgoten os medios para que nunca haxa ningún tipo de violencia pero se outros presentan violencia que a policía municipal non leve ningunha alabazada. ¿Entende o que lle digo? Pois estaría disposto a repetir esa instrucción, por iso lla digo.

Remato dicindo que vostedes poden sacar os botafumeiros que queiran para falar de Samil que ademais me parece que lle están dando unha solución razoablemente axeitada, pero son vostedes dende o Goberno do Partido Popular os que crearon ese problema. Se vostedes ó que se dedican é a crear problemas para logo se poñer a medalla de resolvelo dalgún xeito pois ben. Cando eu era Alcalde de Vigo non había venda ambulante en Samil, Sr. Figueroa, sinxelamente lémbrolle isto e se eu fose Alcalde de Vigo, que espero seren outra vez, tampouco a habería, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Voulle contestar con tranquilidade. Primeiro, sobre a moción á que vostede fai referencia, dicirlle que hoxe non está un compañeiro que era quen a ía defender. Eu o único que dixen era que non a tiña diante, sabía de que ía a moción pero non coñecía o texto completo.

Segunda cuestión, cando vostede fala deste tema concreto dígolle claramente que vostede non leu as mocións nin os escritos e voulle demostrar.

O Bloque na súa moción di: "O pasado día 17 de xuño presentouse á Alcaldesa un escrito onde se formulaban dúas propostas que poderían solucionar o seu problema, propostas que nos parecen totalmente axeitadas e que pensamos que esixen do Goberno unha rápida contestación positiva". Voulle ler as dúas propostas porque vostede si que non as leu.

Asociación Grupo Mercadiño Ronda de Don Bosco, 17 de xuño de 2005: "Polo exposto solicitámoslle a súa sinatura para apoiar as nosas reclamacións, que dunha vez o actual Goberno municipal escoite as nosas propostas de solución ó noso problema: trasladar o mercadiño ó seu lugar anterior na rúa Manuel Núñez".

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Lea a proposta.

SR. FIGUEROA VILA: Agora voulle ler o seguinte.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non, está mentindo, está falseando un documento, lea a segunda proposta dese mesmo documento.

SR. FIGUEROA VILA: Voulle dar a segunda: "Que polo exposto solicitamos a súa sinatura para apoiar os nosos reclamos, que dunha vez por todas as autoridades competentes escoiten ás nosas propostas de solución ó noso problema: Trasladar o mercadiño á Porta do Sol debaixo do Sereo, ou á Praza dos Reis Católicos na rúa Urzáiz".

SR. SOTO FERREIRO: Hai outro posterior, que vostede non se entera.

SR. FIGUEROA VILA: Pero ¿estoume inventando eu estes dous documentos?

SR. SOTO FERREIRO: Non, pero hai outro posterior e vostede polo que vexo non o coñece.

SR. FIGUEROA VILA: Pero é que eu non o teño. Están todos aquí coas sinaturas.

SR. SOTO FERREIRO: ¿Quere que lle diga a última proposta, Sr. Figueroa que coido que non coñece vostede?

SR. FIGUEROA VILA: Están aquí as dúas.

SR. SOTO FERREIRO: Fixeron sucesivas propostas, Sr. Figueroa, hai unha última.

SR. FIGUEROA VILA: Déixenme rematar porque eu estou falando da moción que presenta o Sr. Domínguez Olveira. Na moción que presenta o Sr. Domínguez Olveira di claramente, volvo repetirillo: "O pasado día 17 de xuño presentouse á Sra. Alcaldesa un escrito onde formulan dúas propostas..." Estou lendo as dúas propostas que teñen entrada, que non as estou inventando: A Asociación Grupo Mercadiño Ronda de Don Bosco, 17 de xuño de 2005.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Existe unha carta dirixida á Alcaldesa onde se fan dúas propostas e a segunda fala da localización que tiveron durante o Nadal, ese é o último escrito dirixido á Alcaldesa e presentado por Rexistro. Non se entera vostede.

A PRESIDENCIA: Cando remate de falaren o Sr. Figueroa, pidan orde de palabra e falen os outros Grupos.

SR. FIGUEROA VILA: As dúas propostas están aquí e son unha do 17 de xuño de 2005, de hai unha semana e se queren vostedes léoo completo de novo. A segunda proposta é igual, fala de trasladar o mercadiño ó lugar anterior na rúa Manuel Núñez.

Estas son as dúas que están aquí do 17 de xuño, non mas estou inventando

SR. SOTO FERREIRO: Hai un escrito que vexo que vostede non coñece pero que está presentado á Corporación porque a nós chegounos como ós demais, voullo dar pero xa o debera ter.

SR. FIGUEROA VILA: Non o teño.

SR. SOTO FERREIRO: A moción do Sr. Domínguez Olveira pode argumentar o que lle pareza oportuno, pero ó final propón un acordo que leo: "O goberno municipal, no prazo dunha semana, terá adoptado unha solución a este problema de acordo cos vendedores do mercadiño Ronda de Don Bosco."

Isa é a proposición que levamos discutindo non sei canto tempo porque vosteden queren.

Independentemente da argumentación poden buscar a que queiran, eu non lla presenteí ó principio pero vostede está dicindo cousas e obrígame a min a dicir outras, Sr. Figueroa.

Hai un escrito dos vendedores, que debe ser posterior a ese, que fala de dous posibles lugares, dígollo eu. Non se preocupe que non o teño aquí pero a copia xa lla darei ó remataren o Pleno. Fala dun lugar posible e mesmo matizan e din que algúns días da fin de semana en Manuel Núñez, que non din xa toda a semana, mire o que lle digo e vostede polo que vexo non se entera deste tema. Xa anticipo que a min paréceme unha proposta razoable, por certo, a vostede ó mellor non pero a min si, a min que uns vendedores admitan que se lles teña venres, sábado e domingo, tres ou catro días á semana, paréceme razoable, xa que o Sr. Domínguez o dicía a min tamén me parece razoable. Pero non se acollen a esa proposta xa parcial, senón que fan outra e falan da zona onde estaban situados -falo de memoria- na zona das Travesas.

(No momento da votación da urxencia están ausentes os Sres. Pérez Mariño e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

(No momento da votación do fondo están ausentes a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e os Sres. Toba Girón e Vieitez Alonso. Preside o Plano a tenente de alcalde, Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando darlle unha solución ós vendedores do mercadiño da Ronda de Don Bosco, co texto que se transcribe nos antecedentes deste escrito.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN DOS VECIÑOS DA EDAR DE CORUXO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de xuño de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

"Tras dous anos ininterrompidos de graves molestias para os veciños de Coruxo que viven nas inmediacións da estación depuradora de augas residuais e ante as últimas reclamacións dos afectados, procede tomar algún tipo de medidas que palién as incomodidades e problemas que se converten en crónicos por mor da prolongación no tempo das circunstancias comentadas.

Dado que a situación é abondo coñecida polos corporativos, non é preciso reiterar o relato alén do agravante que supoñen as altas temperaturas propias de esta época do ano e a escaseza de chuvias.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o goberno local, provea unha bolsa con dotación económica suficiente para atender situacións de emerxencia puntual e transitoria de aloxamento dos veciños que viven no contorno da EDAR.

2. Que para tal fin se presente ante a comisión municipal de Medio Ambiente para o seu informe e de seguido ao Pleno do Concello, en sesión extraordinaria convocada á maior brevidade e só supeditada ao traballo técnico preciso, a modificación de crédito oportuna e necesaria para cumprir o punto anterior."

SRA. PORTEIRO GARCÍA: A nosa moción está redactada dun xeito moi sinxelo, mesmo breve porque entendemos que é unha cuestión xa sumamente debatida no Pleno da Corporación, abordada polos sucesivos Gobernos que nos últimos anos estiveron ó fronte desta cidade e partindo dalgo que quero deixar ben claro porque hai hoxe unha certa belicosidade nalgunha bancada deste Pleno. Deixando moi claro que, como todas as propostas que nós facemos, esta moi en particular está imbuida dun ánimo absolutamente constructivo, de non lle quitar a ninguén o mérito que poida ter no que estea a facer para resolver un problema que entendo que todos coidamos que é grave e que todos queremos que se resolva. Sinxelamente atinxe a unha cuestión puntual dese problema, puntual pero moi grave.

Dito todo iso, que coido que quedou gravado nas cintas deste Pleno por se alguén non prestou atención ou non escoitou, coido importante que logo dun

tempo xa cun problema que se agrava especialmente nos meses de verán e coa calor tomemos unha decisión que non ten que ser nin demasiado gravosa para o Concello nin para nada definitiva, unha solución puntual para aqueles momentos en que o cheiro da depuradora se faga insoportable para os veciños que viven no seu contorno, para que haxa unha solución momentánea para ese problema.

Evidentemente isto require dunha cantidade de cartos que eu neste momento non podo estimar e que si o poderán facer os servizos municipais; que se me podería argumentar que non está prevista nos orzamentos, que ten unha vía ben sinxela de acadar que é unha modificación de crédito e que nós estaríamos encantados de poder apoiar da trouxeren a un Pleno da Corporación que nós suxerimos que sexa extraordinario sinxelamente pola necesidade perentoria que entendemos que se está a sufrir neste momento na parroquia de Coruxo, na zona do contorno da Estación Depuradora de Augas Residuais.

Polo tanto, non quixeramos producir un debate sobre algo no que todos estamos de acordo que é que hai un problema e que todo o mundo está facendo todo o posible para que se resolva, pero que dese problema se deriva unha situación puntual que requiriría dun esforzo maior e complementario para resolver provisionalmente un caso moi concreto e nós achegamos unha solución que entendemos que podería ser apoiada e aprobada por todos os Grupos políticos e que paso a ler:

“Propoñemos que o Goberno local provea unha bolsa con dotación económica suficiente para atender situacións de emerxencia puntual e transitoria de aloxamento dos veciños que viven no contorno da Estación Depuradora de Augas Residuais. Que para tal fin se presente ante a Comisión Municipal de Medioambiente para o seu informe e de seguido ó Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada coa maior brevidade (iso supeditado ó traballo técnico preciso) a modificación de crédito oportuna e necesaria para cumprir o punto anterior”. Moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: Sobre o tema da Depuradora voulle dar a seguinte información.

Estanse facendo unha serie de modificacións e melloras na Depuradora con medios que está achegando a Consellería de Medio Ambiente por un importe aproximado de tres millóns de euros.

Imos adxudicar tamén o proxecto de telecontrol para facer un seguemento exhaustivo desa Depuradora, coido que vai ser a próxima semana, estamos esperando por algún certificado dos fondos europeos.

Tamén lles quero comentar que eu me reunín cos veciños o pasado martes e dicíanme que había algún cheiro puntual nalgún momento determinado do día. Ó día seguinte ás 8 da mañá trasladámonos cos técnicos municipais, cos de Aqualia e cos de Augas de Galicia para analizar as deficiencias que podería presentar logo das melloras que se estaban presentando.

Primeiro, os técnicos que van redactar ese informe dinnos que as obras de mellora están dando os seus resultados, que están facendo os axustes correspondentes nos últimos días e que é certo que detectaron unha deficiencia nuns produtos que estaban utilizando e que o ían tentar corrixir por veren se os resultados eran positivos.

Eu voltarei reunirme mañá ás 8 con estes técnicos e da información que me dean, que a remitirán por escrito porque queremos ter a seguridade e a tranquilidade de que é única e exclusivamente unha cuestión puntual, trasladareillo ós Grupos políticos e por suposto ós propios veciños.

Cando os propios veciños propuxéronme os realoxamentos eu díxenlles claramente que coidaba que esa non era a solución. Por iso o Goberno cunha instalación tan importante coma é unha depuradora non pode dicirlles ós veciños que cando teñan cheiros vai haber realoxamentos porque coido que a responsabilidade do Goberno é resolver o problema dun xeito definitivo e por iso lles dixemos ós veciños que non contemplabamos a posibilidade do realoxamento, cuestión que seguemos mantendo porque nos parecería un precedente terrible, é dicir, unha falla de responsabilidade e de asumir o problema e a segunda cuestión sería que iso querería dicir que a Depuradora non ten solución e seméllanos grave trasladarlles iso ós propios veciños e á cidadanía.

Polo tanto eu o único que lle pido á representante do Grupo Socialista é que coñezamos primeiro ese informe técnico, deamos un tempo prudencial para que os axustes que se están producindo coas melloras se estabilicen e se poñan totalmente en funcionamento e, por suposto, se estas melloras, estes reaxustamentos que se están facendo e esta solución técnica de deficiencias que acaban de atopar, que é unha cuestión puramente de mantemento, non se resolve evidentemente tratemos isto condicionado a esa situación.

A nós parecénos moi forte agora ter que asumir que se van producir uns realoxamentos porque quere dicir que non hai alternativas nin solución para a Depuradora e iso pareceríanos grave.

Se aceptan ese condicionamente ben, se non ó único que me comprometo é a que se vostede acepta esta condición, se houberse algún problema grave, reunir á Xunta de Voceiros trasladarlles este acordo plenario e buscar posibilidades de realoxamentos e solucións. De entrada a min non me parece correcto agora mesmo votar isto deste xeito porque é dar a entender que a Depuradora non ten alternativa nin solución.

Se acepta iso da Xunta de Voceiros nós comprometémonos a que esta moción se lle poida dar vía a través da Xunta de Voceiros e tentariamos dun xeito razoable entender o problema.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Hai algo que me sorprende un pouco bastante, Sr. Figueroa, e é que tamén vostede estea interpretando cousas que en ningún caso se din neste texto, nin se dixeron por min.

SR. FIGUEROA VILA: Se me permite, de verdade que non lle estou entendendo o que está dicindo vostede. Entendino perfectamente porque os veciños a min trasladáronme o problema real, que querían uns realoxamentos, non é cuestión do que vostede diga na moción, é que mo trasladaron eles, entón dou por feito que esa moción vai nesa liña de buscar solucións nese sentido porque non tería outra lóxica. Non fago ningunha interpretación do que vostede dixo.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: En ningún caso nin se dixo, nin se vai dicir por esta Voceira que a Depuradora non teña solución, estou entendendo que se está traballando para solucionar un problema de longo alcance o que non quere dicir que non haxa efectos colaterais en tanto que se chegue a esa solución que desgraciadamente o que non sabemos ninguén, ou polo menos nós non temos esa información, non sei se o Goberno a ten, de cando estará resolto e coma esta é unha situación que no verán se agrava, é unha situación puntual, concreta, que tampouco é moi custosa porque isto se fai en Benestar Social, o Concello ten lugares onde aloxar a persoas en situación de emerxencia social, non digo que sexan os mesmos senón que é unha fórmula que está inventada, que se utiliza normalmente para problemas

puntuais e concretos e que en nada nega que se estea traballando para a solución definitiva.

Sr. Figueroa, coido que é unha iniciativa perfectamente asumible polo Gobeno que non descalifica o traballo do Goberno, nin tan siquera o está criticando, está tentando achegar unha vía de solución, que ó mellor a vostedes non se lles ocorreu, a un efecto colateral dun problema que a todos nos amola moitísimo pero canto máis á xente que vive alí. Ó mellor resulta que só hai que aloxar dous días ó mes a tres familias, perfecto; pero para iso haberá que ter unha provisión e unha previsión e iso deixaría de ser unha nova máis e un feito máis que ven agravar unha situación que por longa, porque todos estamos implicados niso e para qué imos facer historias se o que queremos é falar de futuro aquí, o que fai é facer aínda máis desagradable unha situación que ten moito de desagradable xa per se. Non o tome vostede neste caso coma unha pedra tirada sobre o seu tellado máis aló da posibilidade que teñen de facer unha provisión de fondos para casos que se estudarán tecnicamente un a un e que terán que estar moi xustificadas. Coido que lles daría tamén a vostedes tranquilidade á hora de abordar este tema sen precipitacións. Pero en todo caso o que vostedes decidan, o que a maioría da Corporación decida, entendo que será o que se leve a cabo.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Eu non quería intervir esta moción, paréceme ben o que propón a Sra. Porteiro pero eu que son de alí e vivín alí moitos anos teño que dicir que o tema dos realoxamentos é realmente moi complexo. Cando está baixando o mar e vai a auga para o norte é impresionante o que cheira na zona da Calzoa; en troques se hai norte e é pleamar cheira pola outra zona. ¿Cómo e de qué xeito valoramos a quen hai que evacuar nun momento destes? Eu levo catro ou cinco anos metido no tema da Depuradora, coma todos saben, e estou totalmente de acordo con que hai que arranxar a depuradora e tratar de facer unha nova o máis axiña.

O tema do cheiro da Depuradora de Coruxo é tan tremendo que só o sabemos os que o vivimos en carnes propias, tanto coma iren ó baño a lavarte e virte o cheiro polo sumidoiro. Cando está a baixamar ven a través do río polo que sexa, pero son feitos que contrastamos os que vivimos alí porque a miña familia vive alí, eu son de alí, eu vivo ó carón do Lagares. Por exemplo hai tres ou catro días meus fillos dicían que aquilo era tremendo pero é só un momento, durante dúas horas ó día. ¿Qué facemos? ¿desaloxamos á xente

que vive na Calzoa da Carresqueira e no Coto durante dúas horas? Entón ¿cómo facemos o tema? ¿desaloxamos cando hai norte e pleamar e o cheiro xa é por enriba?

Sra. Porteiro, doulle a razón sobre o que pon aquí pero é un tema tan fondo que realmente o que si temos que tratar, e coido que estamos todos os partidos no tema, é arranxar o máis axiña posible o tema da Depuradora e facer unha nova.

Nós imos votar a favor porque coidamos que é unha boa proposta que nunca se fixo aquí pero é un tema dun fondo moi complexo.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar en contra polo que acabo de explicar, pero si nos gustaría matizar que se houbo algún problema convocariamos á Xunta de Voceiros para tratar puntualmente o tema.

De entrada temos que entender, e así o estamos facendo, que isto ten solución e polo tanto non podemos asumir o que propón a moción. Agora ben, si decimos claramente que se houbo algún problema puntual e houbo que facer algún realoxamento por unha cuestión que non se soportase máis, convocariamos a Xunta de Voceiros e mesmo se fose necesario facer un Pleno extraordinario fariámolo.

(No momento das votacións está ausente o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Vieitez Alonso, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Coello

Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, relativa á situación dos veciños da EDAR de Coruxo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

D.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A PLENA EQUIPARACIÓN DE DEREITOS PARA LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de xuño de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Hai 26 anos que o noso país sacudiuse da dictadura e apostou pola democracia e as liberdades. Durante todo este tempo, centos de milleiros de cidadáns e cidadás, a causa dunha orientación ou identidade sexual diferente á maioría, tiveron que esperar, reivindicar, sufrir e loitar, para verse recoñecidos coma cidadáns cos mesmos dereitos.

E xusto afirmar que a sociedade española, que os veciños e veciñas do noso municipio, están maioritariamente a favor da plena equiparación de dereitos para gais, lesbianas, transexuais e bisexuais.

O papel das institucións europeas por recoñecer a plena igualdade legal e social para gais, lesbianas e transexuais, traducíuse en diferentes tratados e resolucións que o noso país asinou e ten que desenvolver: o Tratado de Amsterdam no seu artigo 13 e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea no seu artigo 21, a Resolución A-0028/94 do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo sobre "A igualdade de dereitos dos homosexuais e as lesbianas na Comunidade Europea", a Resolución A4-0278/98 tamén do Parlamento Europeo sobre "O respecto dos dereitos humanos na Unión Europea" e a resolución A316/89 sobre "A discriminación dos transexuais".

O posicionamento favorable do Goberno de España a iniciar as reformas lexislativas necesarias: matrimonio entre persoas do mesmo sexo, lei de parellas de feito, lei de identidade sexual, asunción no catálogo de prestacións sanitarias dos procesos transexualizadores, contribuirá definitivamente á plena equiparación de dereitos destes cidadáns e cidadás.

Ante a próxima celebración do Día do Orgullo Gais, Lesbico, Transexual e Bisexual, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que o noso Concello se comprometa a impulsar medidas para a plena equiparación social de gais, lesbianas, transexuais e bisexuais: accións de

sensibilización e loita contra a homofobia e a transfobia; medidas educativas; medidas de integración; servizos de asesoramento e orientación para gais, lesbianas, transexuais e bisexuais.

2.- Que o noso Concello se una á iniciativa emprendida polos diferentes colectivos internacionais e diferentes países, para declarar o día 17 de maio como día mundial contra a homofobia e transfobia.

3.- Enviar copia deste acordo á Federación Estatal de Lesbianas, Gais e Transexuais (FELGT) e ás organizacións CLTB do noso entorno."

A PRESIDENCIA: Para argumentar a urxencia ten a palabra a Sra. Graña.

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Primeiro para pedir desculpas. Efectivamente todos asumimos que esta non é unha presentación ordinaria dunha moción senón en capítulo de urxencia e a razón é que precisamente mañá, 28 de xuño, é o Día Internacional do Orgullo Gay e polo tanto coidamos conveniente que o pronunciamento deste Pleno se produza con anterioridade a esa celebración.

(No momento da votación da urxencia están ausentes os Sres. Coello Bufill, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Toba Girón e Vieitez Alonso).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: O día 28 de xuño celébrase o Día Internacional do Orgullo Gay, Lésbico, Transexual e Bisexual.

O 28 de xuño de 1969 en Nueva York iniciouse un movemento de liberación tras varios días de revoltas polas rúas nas que homosexuais e transexuais, fartos da continua fustigación policial, dixeron abonda. Neste día creouse o Fronte de Liberación Gay, foi o inicio do movemento de liberación gay actual.

Isto é historia pero non só historia, a nosa sociedade aínda mantén débedas de xustiza e igualdade tanto de pasado coma de presente.

O compromiso para avanzar na plena equiparación de dereitos para gays, lesbianas, transexuais e bisexuais non pode descansar en verbas, debe materializarse en accións concretas. Así demostrouno o actual Goberno da nación ó adoptaren medidas que contribuirán a acadar unha sociedade máis igualitaria e xusta.

Pero malia o avance na carreira lexislativa e do aumento no noso país dun maior compromiso solidario, non podemos pechar os ollos diante dunha realidade social de rexeitamento que se estende dende actitudes activas de repulsión e negación, ata non activas pero non por iso menos prexudiciais para os que as padecen, pasando por un maioritario "laissez faire". Todas elas en igual medida só conducen ó illamento e á clandestinidade, o medo de moitas e moitos a seren visibles é a proba.

Segue sendo necesario, por tanto, intervir para acadar unha realidade de integración e de normalización do feito homosexual. Segue sendo necesario transformar a vida cotiá, as actitudes vitais, non abonda coas conquistas legais.

Esta pretende, por tanto, seren unha proposta de sensibilidade e de sensibilización polo que somos e polo que representamos cun contido de accións claras que desexariamos que poideran chegar algo dende este Concello ó moito que queda por facer para vivir e non ter que soñar cunha sociedade na que xa non sexa pensable porque non teña sentido ningunha discriminación nin represión.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo vai votar a favor do acordo pero o que non imos apoiar é a exposición de motivos. Nos acordos si estamos totalmente a favor.

Que quede constancia da matización de que imos votar favorablemente o acordo pero non compartimos na exposición de motivos algunhas cuestións da redacción.

(No momento da votación do fondo está ausente o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción da concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, relativa á plena equiparación de dereitos para lesbianas, gais, transexuais e bisexuais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (134).-ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA SRA. BERMÚDEZ PÉREZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE AUTORIZACIÓN PARA PROXECCIÓN DE CURTOMETRAXES Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CASCO VELLO.

INTERVENCIÓN DA SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: Recentemente presentouse unha serie de curtometraxes baixo o título de "Hai que botalos" realizados por diferentes persoas, todas elas pertencentes ó mundo da cultura. A Asociación de Veciños do Casco Vello é unha organización legalmente constituída, que leva moitos anos traballando por esta cidade e sería tedioso enumerar todas as contribucións positivas que este grupo de persoas teñen feito á nosa cidade e das que todos e todas nos beneficiamos.

Os centros cívicos da nosa cidade defínense como lugares abertos de información, de participación activa e de intercambio sociocultural.

Dito isto, esta Asociación de Veciños do Casco Vello na semana das eleccións tentou proxectar estes filmes no centro cívico do mesmo barrio do Casco Vello e foille imposibilitado polo Goberno municipal.

Quero preguntar a este Pleno porqué o Goberno do Concello de Vigo censurou a proxección das curtometraxes "Hai que botalos", organizada pola Asociación de Veciños do Casco Vello no centro cívico do mesmo barrio.

A PRESIDENCIA: Respostarase por escrito como di o Regulamento deste Pleno.

- * ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SOBRE UTILIZACIÓN DOS DATOS METEREOLÓXICOS DA ESTACIÓN INSTALADA NO CONCELLO.

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Todos os veráns aparece a noticia de que a cidade de Vigo é maltratada porque os datos metereolóxicos nunca

son correctos. Este ano auméntase, vaise facer un novo centro aínda que non se sabe cando.

Xa vai sendo hora de que o centro que temos dende o ano 2003 no sitio onde o Instituto Metereolóxico considerou axeitado se utilice como datos reais porque para iso é automático e que os señores hosteleiros tamén o descoñezan a verdade que é lamentable.

Aplauden a futura instalación no Castro dun centro, que benvido sexa, pero que non vai ser da rede nacional que é a que da os datos das temperaturas. O que temos aquí e ademais moi vixiado porque está a carón da Policía, é un centro automático. Se lle falla algo que o rematen, pero colocalo aí e facer que esta cidade tivera un centro dentro dela foi unha cuestión de falar cos responsables técnicos do Instituto Metereolóxico Nacional en Galicia, nada máis. Polo cal a ver se de unha vez por todas nos facemos valer e que os datos que temos sexan os reais.

A PRESIDENCIA: Entendo que é un rogo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.